C O N C E L L O
A G U A R D A
(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 9	**PLENO DO CONCELLO**	
DATA DA SESIÓN: **24.09.2015**	CARACTER: **ORDINARIA**	CONVOCATORIA: **PRIMEIRA**
LUGAR: **SALÓN DE PLENOS**	HORA: **20:00 HORAS**	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ – ALCALDE

ASISTENTES:

Dª. Mª MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
Dª. ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
Dª. Mª DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
Dª. ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
Dª. Mª MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
Dª. Mª DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Antes de pasar coa orde do día, o Sr. Alcalde da conta do escrito presentado pola concelleira Dna. Mª de Fatima Iglesias Ferreira que textualmente di:

"Fátima Iglesias Ferreira, con DNI 76.895.393-E, concejal del grupo municipal de CCD en el Concello de A Guarda

SOLICITA:

Se de constancia en el próximo pleno que se celebre en el Concello su decisión de que, con fecha de hoy 1 de septiembre de 2015, pasa a ser concejal no adscrita a ningún grupo politico.
Y para que así conste a todos los efectos, firma la presente en A Guarda a 1 de septiembre de 2015."

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

E seguido, pásase a tratar dos asuntos seguintes, que conforman a orde do día e que foron legal e previamente notificados:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA DE 28 DE XULLO DE 2015).

O sr. Alcalde pregunta os concelleiros se teñen algunha observación que facer a acta da sesión plenaria do día 28 de xullo de 2015, respondendo todos negativamente excepto a sra. Iglesias Ferreira que fai facer os seguintes apuntes porque entende que non se recollen partes do debates que ó seu xuizo son interesantes:

Na páxina 10 non se recolle parte do debate respecto ós baños públicos en xeral e os do Monte Santra Trega.

Na páxina 11 non se recolle o debate que ela mantivo co concelleiro Sr. Rodriguez Gonzalez respecto do cumplimento da ordenanza.

Na páxina 18 sinala que non dixo exactamente o que pon a acta respecto da xestión indirecta do novo hospital, senón que dixo que a xestión indirecta é legal e que non é unha mala forma se se presta de modo axeitado.

Na páxina 26 (rogos e preguntas) faltan moitas cousas: no se reflexa nada da solicitude de copia do cd do plan xeral; respecto da praza de abastos di que non nomeou a rúa Julian Lopez; respecto do entorno da piscina ela falou do descuidado do entorno, da suciade e non so dunha tapa da rede de sumidoiros; respecto da rúa Donantes de Sangue ela fixo referencia ás xardineiras e o mal estado das beirarrúas e non só ós pulgóns das prantas; respecto da rúa Brasil ela comentou moitos aspectos como as farolas, falta de limpeza, mal estado das beirarrúas e outros aspectos e na acta só se di que fala do mal estado da rúa...;

Remata dicindo que quizais están mal acostumbrados respecto á redacción das actas pero que nesta parece que só se recolle a proposta ou moción e o resultado da votación obviando aspectos do debate que, dende o seu punto de vista, poden ser interesantes.

Sometida a votación a **acta de 28.07.2015,** foi aprobada cos **VOTOS A FAVOR**: dos Sres./as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez VAzquez e Rodríguez Fariñas **(dezaseis votos a favor**) e **CO VOTO EN CONTRA** da Sra. Iglesias Ferreira (**un voto en contra).**

Neste momento o Alcalde da conta de dúas peticións para intervir no pleno: unha de Elias Rebollar Vega sobre os festivos locais da que xa se lle deu resposta e outra de Benito Alonso da Costa en represetanción da Plataforma de Emigrantes Retorandos do Baixo Miño, que segundo o regulamento do pleno, intervirá ó final.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

O señor Rodriguez Fariñas dase por enteirado.

O sr. Baz Vicente dase por enteirado.

A sra. Ortega Martínez dase por enteirada.

O sr. Español Otero dase por enterado.

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO ANO 2016

O sr. Alcalde le a seguinte prosposta da alcaldía:

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar de data 4 de agosto de 2015 (RE 5.094) solicitando a remisión do acordo plenario de designación de festivos locais para o ano 2016 no Concello da Guarda, e existindo un acordo anterior neste Concello, polo que serán declarados festivos locais o 16 de xullo (Virxe do Carme) e o 23 de setembro (Santa Trega), sempre que non coincidan en sábado ou domingo,

Visto que no ano 2016 o día 16 de xullo (festividade da Virxe do Carme) coincide en sábado

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar festivos locais no Concello de A Guarda durante o ano 2016 os días seguintes:

- *9 de febreiro de 2016 (Martes de Carnaval)*
- *23 de setembro de 2016 (Santa Trega)*

2.- Remitir o presente acordo á Consellería correspondente.

ÁBRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que non estivo na comisión de asuntos plenarios e polo tanto non sabe o que alí se debatiu pero que como dixo o alcalde este é un tema xa resolto. Sinala que a persoa que pediu intervir respecto a este tema acaba de chegar á sala.

O sr. Rodriguez Fariñas di que xa manifestou na comisión de asuntos plenarios que esta proposta non lle parecía ben e que hai outras alternativas igual de válidas. Polo tanto non vai votar a favor.

O sr. Baz Vicente di que van votar a favor porque foi o acordo o que se chegou e que lamenta que non houberan chegado outras alternativas naquel momento.

A Sra. Ortega di que van a votar a favor porque foi o acordo o que se lle chegou. Tamén lamenta que non houbera máis propostas cando se tomou esta decisión. Di

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

que a ela se lle dixo que había consenso respecto a este tema. Se houbera máis propostas habería que estudialas.

O sr. Español Otero di que, dende hai moitos anos, hai un acordo segundo o cal os festivos locais serían á Virxe do Carme e Santa Trega sempre que non coincidan en sábado ou domingo. Engade que, cando un destes coincidiu en sábado ou domingo, fóronse escollendo outros festivos que obedecían a festas de parroquias pero que non deron un resultado adecuado; en cambio, o martes de carnaval, o ser para todos os guardeses, si que ofreceu un resultado mellor. Di que este proposta non é experimental porque xa se comprobou que ten arraigo nos veciños e que xa se convertiu nun festivo de feito, xa que o comercio pecha. Considera axeitada a proposta.

Sinala que na comisión de asuntos plenarios o portavoz e Converxencia Galega dixo que aportaría unha proposta e que él mesmo lle dixo que o momento para aportala era aquel e non no pleno. Engade que nin siquera determinou a súa proposta.

O sr. Alcalde di que fixo unha rolda de consultas para obter a unanimidade porque sempre se aprobou deste xeito a proposta de festivos locais. Esta proposta lle pareceu ben ós portavoces e polo tanto é a que se trae a votación.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez, (quince votos a favor), **CON VOTO EN CONTRA** do Sr. Rodríguez Fariñas (un voto en contra) e **a ABSTENCIÓN** da Sra. Iglesias Ferreira (unha abstención).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO GRUPO MIXTO NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E NO PADROADO MUNICIPAL MONTE SANTA TREGA.

O Sr. Alcalde le a seguinte proposta:

Visto que ó Grupo Mixto correspóndelle un representante nas diferentes comisións informativas deste Concello así como no Padroado Municipal de Santa Trega,

Visto que, a pesares das comunicacións feitas ós dous membros deste Grupo para que realicen a súa designación, ésta non se produce, e

de acordo co informe da Dirección Xeral de Administracion Local de Galicia de data 20 de xullo de 2015, propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

1.- Designar á Concelleiro de Converxencia Galega D. Celso Juan Rodríguez Fariñas representante do Grupo Mixto na Comisión Informativa de Asuntos Plenarios e na Comisión de Contas.

2.-Designar á Concelleira Dna. Mª de Fátima Iglesias Ferreira representante do Grupo Mixto na Comisión Informativa de Urbanismo e no Padroado Municipal de Santa Trega

A Guarda, 7 de setembro de 2015.
O Alcalde
Antonio Lomba Baz

ÁBRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai votar en contra polas seguintes razóns:

- Non se ten en conta a posibilidade de rotacións.
- A ela se lle asigna unha comisión informativa e a padroado que non é unha comisión

Ela propón a rotación na asignación das comisións tal e como lle manifestou ó alcalde fai un meses na presenza do Sr. Español Otero.

O sr. Rodriguez Fariñas di que él non ten coñecemento do documento da Dirección Xeral ó que se fai referencia. Di que a situación cambiou porque hai unha concelleira non adscrita que non pertence a ningún grupo político.

Interven o sr. Español Otero para dicir que xa lle advertíu na comisión de asuntos plenarios que se está a espera dun informe ó respecto e que en canto se teña se lle fará chegar, pero que mentras tanto o equipo de goberno manterá a súa proposta que é esta.

O sr. Rodriguez Fariñas repite que a situación cambiou porque a lexilación é moi clara neste asunto e que cando un concelleiro abandona o seu grupo pasa a ser concelleiro non adscrito. Pide que se o secretario ten algunha información ó respecto que o manifeste e se non que este punto quede sobre a mesa para tomar unha decisión con tódolos elementos de xuizo xa que considera que se pode tomar unha decisión ilegal.

O sr. Baz Vicente di que se van a abster porque se trata dunha cuestión técnica que ten resolver o equipo de goberno.

A sra. Ortega Martinez di que ela fixo consultas ó respecto e se lle comunicou que un non adscrito non pode formar parte do grupo mixto, e que, dado que a situación cambiou neste concello, é mellor deixar sobre a mesa o asunto á espera de que chegue o informe solicitado. Engade que a proposta non recolle a nova situación porque se redactou para un momento no que non había non adscritos. Se o equipo de goberno insiste en votar esta proposta o seu grupo absterase.

O sr. Español Otero insiste en que non se recibiu un informe sobre se a concelleira ten dereito a abandonar o grupo mixto e que se fose así tomaríase un acordo ó

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

respecto. Engade que o grupo de goberno só pretende darlle representación nas distintas comisións.

O sr. Rodriguez Fariñas di que a lexislación é moi clara e pasa a ler un párrafo legal sobre a asignacións dos concelleiros non adscritos ás comisión informativas.

A sra. Iglesias Ferreira di que ela presentou o escrito o día 1 de setembro de 2015 e que o normal é que se trouxera este escrito como un "dar conta" na orde do día e que así llo espuxo ó secretario. Considera que, se ela é non adscrita, non debería traerse este punto na orde do día na que lle asignan comisións como membro do grupo mixto. Engade que podería ser ilegal este punto. Tamén quere que se lle aclare a súa situación nas mesas de contratación e non só nas comisións.

O sr. Alcalde di que a proposta faise en función de criterios e informes legais. Sinala que esta proposta xa estaba redactada no anterior pleno. Di que se trae esta proposta así e neste momento para darlle cobertura a eles nas distintas comisións ata que cheguen os informes solicitados. Informa que, de non tomar ningún acordo, non van a estar representados nas próximas comisións. Di que en canto haxa un informe que avale outra proposta traerase a pleno.

A sra. Iglesias Ferreira di que non se debatiu este punto no anterior pleno porque o alcalde non quixo.

O sr. Alcalde di que non se levou na orde do día porque o seu escrito pedindo que se debatira foi presentado despois de convocar asuntos plenarios, pero que redactou a proposta por si calquera dos concelleiros do grupo mixto pedía o seu debate por urxencia.

O sr. Rodriguez Fariñas apunta, como solución temporal, que, mentras non se resolva este asunto, poderían participar nas comisións informativas como invitados.

O sr. Español Otero di que se está a espera dun informe que, en calquera caso podería beneficiar á Sra. Iglesias Ferreira pero non ó sr. Rodriguez Fariñas porque no hai ninguna dubida respecto da súa pertenencia ó grupo mixto.

O sr. Rodriguez Fariñas di que se a concelleira non adscrita non pertence ó grupo mixto, él, como único representante deste grupo , ten dereito a asistir a tódalas comisión informativas. O sr. Rodriguez Fariñas di que na Xunta de Galicia ainda non teñen coñecemento desta consulta.

O sr. Alcalde di que se fixo a consulta por correo electrónico. Remata preguntando se manteñen a postura de deixalo sobre a mesa.

O responder afirmativamente os concelleiros afectados, **a proposta queda enriba da mesa.**

PUNTO 5.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO 2014.

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta:

Formulada e rendida a Conta xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ao exercicio económico de 2014, informada pola Comisión especial de Contas, en sesión de data 31 de xullo de 2015, e exposta ao público dende o 11 de agosto ata o

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

8 de ssetembro de 2015, sen que se presentasen reclamacións, esta alcaldía en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello da Guarda correspondente ao exercicio 2014."

A sra. Magallanes Alvarez explica que o feito de que non se aprobe a Conta Xeral pode conlevar dificultades e perxuizos para o Concello xa que é obligatoria a súa aprobación. Especifica que foi sometida á Comisión Especial de Contas e que foi exposta o público sen que se produciran alegacións

ABRESE O DEBATE

Asra. Iglesias Ferreira di que recibiu a convocatoria de pleno o venres e que, cando veu o concello a recoller a documentación da conta xeral, non estaba a súa disposición. Sinala que se lle chamou o dia seguinte e se lle entregou. Pide que non volva a ocurrir.

O sr. Alcalde pide disculpas por elo.

O sr. Rodriguez Fariñas di que faltan dous concelleiros na redacción do documento da conta xeral do 2014. Respecto da situación das contas manifesta, en primeiro lugar, que hai graves erros de ortografía e, en segundo lugar, que hai apartados nos que hai exceso de gasto respecto do presupostado e en cambio noutros apartados aparecen uns gastos comprometidos de 0 euros en partidas moi importantes.
Cáusalle sorpresa a media de gasto de servizo medico privado da policía local que é moi elevado respecto do resto dos funcionarios. Enumera partidas que están dotados de moitos cartos e non se gasta case nada; enumera, por outra banda, partidas non dotadas nas que se gastan grandes cantidades. Di que é un delito aprobar estas contas baseándose no que di a interventora no seu informe porque nel se fala de partidas mal contabilizadas, de recaudación de diñeiro sen ordenanza reguladora, de depuración necesaria e de falta de acordo municipal para actualizar o inventario municipal. Pregunta polos 3 vehículos que se compraron por 2.900 euros para os servizos municipais. Remata dicindo que habería que manter unhas reunión previas a este pleno e que vai votar en contra.

O sr. Alcalde di que hai un erro na documentación respecto o prezo dos vehículos que sinala o sr. Rodriguez Fariñas.

O sr. Lomba Alonso quere aclarar que vai facer un alegato político e non consideracións técnicas.
En primeiro lugar di que o BNG non se sinte responsable destas contas posto que non foron convidados a participar nos orzamentos do 2014. Di que non entende porque o BNG debería aprobar estas contas nas que as partidas se moven según apetece o equipo de goberno poñendo en tela de xuizo o propio concepto de orzamento. Di que se establecen gastos en productividades sen agotar as posibilidades de contratación de persoal tal e como traen a pleno a través dunha moción. Nestes pagos de produtividade non se coñecen os criterios. Di que na

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

comisión de asuntos plenarios se lles dixo que as productividades están pactadas cos xefes de servizo pero ó BNG cónstanlle que non é certo. Tamén recoñécese a falta de inventario de bens nos que se actualice o patrimonio do concello. Recorda que a partida do ferry crece e mengua sen saber o porqué e que se gasta só o 21% desa partida. Lles sorprende que exista unha dotación económica a protección civil de 4.000 euros para combustible e se gastan 7.600 euros, e en cambio para o funcionamento propio da agrupación só se gastaron 60 euros. A pregunta é se existe protección civil. En telefonía móvil se presupuestou 1.000 euros e se gastou mais. En cambio no gasto de funcionamento só se gastou o 1,66% do presupuestado. Na partida das tradicións mariñeiras tamén aparece un gasto comprometido moito maior do orzamentado. Di que podería poner mais exemplos pero adianta que vai votar en contra.

A sra. Ortega MArtinez di que fixo preguntas á interventora na comisión de contas e chegou ás seguintes conclusións:
Dáse conta que se produxo unha gran depuración nas contas e que as cifras de beneficio non son reais. Lamenta que a depuración ainda non rematara. Di que non poden aprobar estas contas porque o informe da interventora é concluinte. Nel se sinala que se cobraron cuotas sen ordenanza que as regule. No tema das productividades tampouco coñece os criteiros para o seu abono. Pide que se corrixa este asunto. Di que lle preocupa que a contabilidade de Protección Civil e GES estean na mesma conta. Hai contratos adxudicados sen licitar. No Padroado se incumpre a regla de gasto nunha porcentaxe minina. O inventario do concello non reflexa a realidade actual. Di que quen ten que determinar é o Consello de contas. Pide que se depuren as contas de cara o futuro. Remata anunciando que se van abster.

A sra. Magallanes agradece o tono do PP e di que o maior traballo do departamento é a de depuración de saldos moi antiguos. No ano 2014 todos os resultados foron positivos. Di que non se cumpría a regra gasto por unha nimiedade e sinala que teñen moitas limitacións respecto o gasto e respecto a contratación de persoal no ano 2014.

VOTACIÓN

Sometida a votación a proposta **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos a favor), **COS VOTOS EN CONTRA** dos sres/sras. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira, (cinco votos en contra), e **a ABSTENCIÓN** dos Sres/sras . Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez (cinco abstencións).

PUNTO 6.- DAR CONTA DO ENVÍO O MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DO ORZAMENTO MUNICIPAL.

O sr., Alcalde pregunta ós concelleiros se se dan por enterados deste punto ó que responden todos eles afirmativamente.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

PUNTO 7.- MOCIONS:

- **Moción de Converxencia Galega con RE nº 5.268: Dotación de material contraincendios forestais para os GES**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

"A demostración de profesionalidade e ben facer amasada o venres pasado no lugar de As Loucenzas e este domingo en Chan Vello por parte dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, veñen a ser un refrendo para que o Concello de A Guarda non escatime esforzos tanto económicos como de xestion e a implicación dos concellos limítrofes de O Rosal, Oia e Tomiño para que se manteña este servicio, que de non existir, hoxe todos/as estaríamos lamentando o resultado dos incendios declarados nestes dóus lugares.

Queremos resaltar que tamén hubo presencia doutras entidades que colaboraron ca extinción do fume, pero nalgúns dos momentos debemos facer un contraste, e aparte do es/orzo, coordinación e vontade, nel, se podía comprobar a carencia de material esencial.

Soio pensar que o domingo, en plena romaría do Monte de Santa Trega poidera ir a maiores o conato de incendio con miles de persoas subiendo e na troula, botando unha alfada a desgracidad imaxe que contemplamos nos montes de Portugal que están arrasando con grandes extensións arbóreas, de pastoreo, turísticas e expando vivendas e persoas a graves situacions, tendo presente que nestes momentos a nasa zona está catalogada como de "alto risco" en materia de incendios forestales.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a presentar para o séu debate e aprobación si procede a seguinte MOCIÓN:

a). - O Goberno Municipal, a través do Concelleiro Delegado, manterá as xuntanzas cos membros do G.E.S. elou co séu Portavoz/Delegado que sexan precisas para a elaboración dún catálogo do material que se necesita de maneira máis urxente para as intervencións nos incendios forestais.

b).- O Concello de A Guarda desenrrolará un Plan de Inversións en Dotación para os G.E.S. a incorporar nos Presupostos do 2.016 e seguintes anos unha partida económica para aqueles implementos que polo séu costo non se poida abonar nún solo ano.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai votar a favor porque é necesario dotar de material o GES para a seguridade de todos. Di que son coñecedores a través da prensa dunha reunión dos responsables políticos cos membros do GES pero non coñecen o resultado das mesmas. Parécelle interesante a dotación dunha partida para este material no orzamento de 2016.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Sr. Baz Vicente di que o BNG xa fixo unha proposta clara no pleno anterior sobre este asunto que foi aprobada e pide ó equipo de goberno que acelere neste asunto. Van a votar a favor.

A sra. Ortega Martinez di que van votar a favor xa que eles trouxeron unha moción sobre a ordenanza para o cobro ós seguros para mellorar o estado dos GES e que con esta moción tamén se trata de mellorar a situación deste corpo.

O sr. Español Otero di que efectivamente esta moción é menos ambiciosa que a aprobada do BNG. Di que, trala lectura desta moción, parece que o GES non ten material, que non se lle compra material e que está abandonado o corpo. Recorda que se lle compraron recentemente mangueiras que se queimaron en incendios fóra da localidade. Di que mantiveron unha reunión cos efectivos do GES e houbo unha demanda de material: monos innifugos de mellor calidade. Di que eles saben que, a medida que se poida, se irá mellorando o material. Anuncia que está prevista a compra de material novo de comunicación. Engade que non percibiron nesa reunión o que se di nesta moción. O GMS vai votar en contra porque considera que o que se pide xa se está cumprindo e que ademáis xa se aprobou unha moción no anterior pleno mais completa que esta. Remata a súa exposición dicindo que en calquera caso o que se di na moción é mentira porque os GES teñen equipos para os incendios forestais ainda que recoñece que é mellorable.

A sra. Iglesias Ferreira di que non vai defender esta moción, só vai votala. Di que esta moción é de 11 de agosto e que ó mellor serviu para que se producise unha reunión. Di que o remolque que se espera é para protección civil e non para o GES. Engade que lle parece moi beneficioso que esta moción servira de acercamento entre o equipo de goberno e o GES.

O sr. Rodriguez Fariñas di que manten a moción porque nela non se di o que manifesta o sr. Español Otero sobre que non teñen material; só pide que se dote unha partida orzamentaria para que o GES poida facer o seu traballo de maneira óptima e segura. Pregunta sobre se non hai contradicción na entrega de material para os GES que é para Protección Civil.
O sr. Español Otero lé parte da moción e di que el interpreta nela si se di que hai carencia de material. Explica como se movilizan os corpos ante unha urxencia: o 112 avisa o GES da Guarda pero tamén moviliza a quen ten que movilizar. Di que funcionou moi ben o operativo montado polo 112 e non viu carencias de material no incencio das Loucenzas.

O sr. Baz Vicente aclara que cando falaba da lentitude do equipo de goberno se refería a que tardaron case dous meses en reunirse co GES.

O sr. Alcalde di que el non percibiu en ningún dos dous incendios falta de medios e que lle pareceu que o servizo de emerxencias funcionou moi ben. Respecto da lentitude di que non foron todo o dilixentes que demanda o Ges pero que están traballando neste tema dende o primeiro momento da lexislatura e que a primeira reunión que se tivo con eles foi no mes de xullo.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dez votos a favor) **e COS VOTOS EN CONTRA** dos sres/as Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra).

O sr. Alcalde pide rapidez nas intervencións.

O sr. Lomba Alonso di que non só llo pida a oposición senón tamén ó equipo de goberno.

O sr. Alcalde di que llo pediu a toda a corporación incluido o portavoz do equipo de goberno.

- **Moción de Converxencia Galega con RE nº 5.269: Elaboración dun Plan de emerxencias e seguridade para as Festas do Monte.**

O sr. Rodríguez Fariñas da conta da seguinte mocion:

"Na 2ª Semana de Agosto, celebramos, as Festas do Monte de Santa Trega, e como é tradicional, acuden, especialmente o sábado polo Desfile, o domingo pola Romaría e o lúns, polos Fogos, milleiros de persoas, tanto dos pobos da comarca como veciños/as que están na emigración, tanto dentro como fora de España, e gran cantidade de visitantes, moitos deles, en 2ª ou 3ª xeneración, ademais, de todos aqueles turistas que veñen a visitarnos, moitos deles por primeira vez, e que probablemente repitan en anos.
Somos conscientes que tales aglomeracións humanas, provocan bastante caos circulatorio nos horarios normais, a todo isto, temos que engadirlle a situación que se plantexa despois das dez da noite (22,oo horas), cando se procede a facerlo peche do tráfico rodado nas rúas máis céntricas, para dar cabida aos espectáculos postos de venta, e a instalación de terrazas nas rúas Galicia, Concepción Arenal, e outras despoís das 22:00h, cando se pecha o tráfico rodado no centro de A Guarda, para dar cabida os espectáculos e terrazas, xunto cos espectadores que veñen a disfrutar destas festas.
Debido o corte de tráfico e a aglomeración de persoas na rúa Galicia, entre o cruce desta ca rúa Xulia Vaquero, Brasil, República Dominicana, Lugo, Oia, Ramón Sobrino, Mariano Ordoñez, Tomiño, Ourense, Pontevedra, Vicente Sobrino e parte de Concepción Areal, sen entrar nos cambios de dirección ou limitación realizadas noutras rúas..
Isto nos leva, a que teñamos un gran espacio delimitado como se reflexa na imaxe, na que o risco para as persoas que residen nos edificios da zona delimitada uo daquelas que se atópen neses momentos por este lugares, no caso dunha emerxencia, serán as que corran maior risco, xa que os equipos de seguridade e emergencias de calquer tipo, accidente caseiro, de saúde, eléctrico, etc. NON TEÑEN ACCESO GARANTIDO O LUGAR.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Ata donde sabemos, nin o Concello nín a Comisión de Festas, teñen elaborado xamais ningún Plan de Emerxencia o longo do tempo, e a sorte, tennos acompañado, xa que as incidencias ata o de agora, teñen sido poucas e de perfil baixo, pero iso non debe levarnos a contentarnos, xa que o risco dún percance grave pode xurdir en calquer momento.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos apropoñer o Pleno Ordinario para o séu debate e aprobación si procede da seguinte MOCION:

a).- Ben a través da participación da Xunta de Seguridade que de xeito periódico se reune no noso Concello, ben por planificación propia, en colaboura ca Comisión de Festas, Policia Local, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, representantes do Comercio de aqueles outros colectivos que sexa interesante e importante a súa participación, se elabore un PLAN DE SEGURIDADE, EMERXENCIAS E REORDENACION DO TRAFICO a executar durante as Festas do Monte Santa Trega.

b).- O Concello de A Guarda, levará adiante a contratación dos profesionais que resulten necesarios trala elaboración do Plan de Seguridade, Emerxencias e Reordenación do Tráfico como reforzo para estas datas.

ÁBRESE O DEBATE

O sr. Baz Vicente di que non saben se existe ese plan. Pregunta se non hai un plan tamén para as festas do Corpus que ten moitas rúas cortadas e pode precisar dun operativo especial.

A Sra. Ortega MArtinez di que non sabe se hai un plan de emerxencias pero que lle parece acertado que o haxa para mellorar a seguridade dos veciños.

O sr. Español Otero amosa o Plan de Seguridade das Festas do Monte do ano 2014 e di que é válido tamén para o ano 2015. Di que, ademáis do plan de seguridade aprobado, o mellor plan é o que desenvolve a propia Policía Local da Guarda. Nunca se produciron problemas xa que as rúas están ocupadas con terrazas que se levantan en canto ven as luces dos servizos de emerxencias. A sinalización que establece a Policía Local está coordinada coa Guardía Civil e coa Alcaldía. Anuncia que vai votar en contra.

Pregunta se existe o Plan de Emerxencias Municipal xa que é obrigatorio e di que van a manter a moción.

O sr. Español Otero lle pide que non confunda á xente porque o que trae a debate nesta moción é diferente do PEMU.

A sra. Iglesias Ferreira di que lle parece interesante o apunte do concelleiro do BNG respecto da Festa do Corpus.

O sr. Baz Vicente di que queda claro que hai un plan de emerxencias para as Festas do Monte e pregunta se hai un plan de emerxencias municipal que recolla outras actividades como por exemplo a do Corpus.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

A sra. Ortega Martinez di que non coñecían da existencia deste plan de emerxencias e polo tanto vanse abster.

O sr. Español otero di que hai un Plan de Emerxencias Municipal pero que non se conseguiu aprobar debido ós cambios lexislativos. Di que ese plan xa foi elaborado na época do sr. Rodriguez Fariñas no goberno.

A sra. Iglesias Ferreira pregunta porqué non se fixo este ano o Plan de Emerxencias para a Festa do Monte.

O sr. Español Otero di que unha circular da Fegamp explicou a normativa aplicable ás festas e na mesma se decía que as actividades ó aire libre con menos de 20.000 asistentes non necesitan dese plan polo que este ano non se lle esixiu.

A sra. Iglesias Ferreira di que o ano pasado se lles esixiu un plan á comisión de festas que lles supuxo un alto coste e este ano foi a propia comisión de festas quen informou que non era necesaria.

O sr. Alcalde di que nas Festas do Monte participa un numeroso grupo de xente que vela pola seguridade que está coordinado coa Policía Local. Tanto a Policía Local da Guarda, a Guardia Civil, a Policía Nacional, a Policía Local de Tomiño, o SERGAS e o GES participan na seguridade das festas do monte,

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción obtivo o **VOTO A FAVOR** do Sr. Rodriguez Fariñas (un voto a favor), os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra) e as **ABSTENCIÓNS** dos Sres/As. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións) polo que dita moción **non prospera.**

- **Moción de Converxencia Galega con RE nº 5.270: Non á Lei Mordaza.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

NON A LEI MORDAZA
(LEI 4/2015 DE PROTECCION CIDADAN)

O día 1º de xullo entrou en vigor a nova normativa de seguridade cidadán, a popularmente "Lei Mordaza" que non so xenerou o rechazo de tódolos Grupos Parlamentarios, senón tamén de diversos organismos internacionais, O.N.Gs. (incluindo a Cáritas) ou o Consello de Europa, polo seu carácter restrictivo, que convirte a "Lei Corcuera" (da patada na porta) nunha simple broma no recorte de libertades cidadáns en tódolos ámbitos de expresión, convértíndoo no texto más restrictivo presentado en tódala etapa democrática española, utilizando a discreacionalidade como norma e podendo impoñerse multas de sancións de

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

600.000 euros para que ningún se mova e crea un estado de sitio e mental para que as protestas cidadáns estiveran sempre xeradas e conducidas a provocar dano e medo social, cousa que non é certo e que somentes pode servir para reprimir e manter a sociedade quieta pola vía da sanción, sendo todos/as somos conscientes que cando os cidadáns saen a rúa para protestar contra aquelo que consideran inxusto, o fan responsable e de maneira pacífica.

Por elo, vimos a presentar para o séu debate e aprobación a seguinte ***MOCION:***

20 anos despois da aprobación da Lei de Seguridade Cidadán (Lei 1/92) que tirou abaixo na súa maioría do articulado o Tribunal Constitucional , agora chega o PP cunha nova Lei "actualizada os tempos que corren" redactada o mesmo tempo da reforma do Código Penal tamén de marcado carácter restrictivo en dereitos e compensa a eliminación da maioría das infraccións penais tipificandoas como faltas, que a Lei de Seguridade Cidadán as convirte en infraccións administrativas. Da discrecionalidade a administración para impoñer sancións, eleva a cuantía das mesmas, que no caso das infraccións moi graves poderían chegar a 600.000€ e pretende marcar e regular as conductas nas protestas cidadáns, a definen como a "Lei do medo" ou a "Lei Mordaza".
Se pon en marcha un procedemento administrativo que legaliza a criminalización e persecución de movilizacións de todo tipo e se crea instrumento gubernamental para imposibilitar dereirtps democráticos básicos como a libertade de expresión e de manifestación que recolle a Constitución como dereitos fundamentais.
Esta "Ley Mordaza" volve a ubicar a seguridade ciudadán na órbita do vello concepto de orden público, moi alonxado da concepción democrática e constitucional da seguridade. Outra lei máís, polo tanto, que supón un claro retroceso social, un anacronismo constitucional, un trasnochado concepto de orden público e un claro atentado contra os dereitos e libertades democráticos, por medio de rocedimentos sancionadores que pretenden impedir a protesta, a crítica e a demostración cívica de desacuerdo político. Significar que o Consello de Europa – institución encargada de velar polos Dereitos Humáns, a calificou de "altamente problemática".

A DEMOCRACIA é expresión e a seguridade cidadán protección de libertades públicas e non recorte dos mesmos. O delito combátese de xeito integral, con educación, con promoción dunha vida digna, ca eliminación de diferencias sociais, con boas políticas de reinserción econ institucións que traballen na prevención e non no castigo. Esta Lei é creadora dun estado policial,controlador e limitador das libertades públicas e é inadmisible nún entorno europeo democrático.

Por todo elo, CONVERXENCIA GALEGA propon o seguinte acordo:

Primeiro.- Esixir o Goberno de España a retirada inmediata da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de Protección de la Seguridad Ciudadana.

Segundo.- Solicitamos un debate consensuado entre toda-las forzas políticas, para a elaboración dun texto que regule a materia de seguridade cidadán, incluindo no debate a Ley 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado superada e obsoleta en moito do séu articulado e da Lei Orgánica Xeral enitenciaria. Todo elo, co obxetivo, de reformar con carácter integral, todos aqueles aspectos relacionados ca seguridade, que deberá conformar un amplio debate social, enfocado fundamentalmente na prevención.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Terceiro.- Dar traslado do acordo o Goberno de España e a tódolos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Diputados.

ÁBRESE O DEBATE

O sr. Lomba Alonso di que vai votar a favor, toda vez que o BNG tamén presentou iniciativas neste senso no Parlamento Galego e no Parlamento Español.

A sra. Ortega Martinez di que, polo xeral non lles gustan as mocións que tratan de asuntos que no son competencias do Concello. Di que algúns pensan que esta lei é para que non haxa manifestacións ainda que ela cre ó contrario. Di que na lei hai delitos sancionados con ata 600.000 euros pero son delitos como posesión de explosivos ou fabricación dos mesmos, poñer en perigo a seguridade ciudadana, proxectar feixes de luz sobre pilotos de avión. Non lle preocupa esta lei porque non vai ás manifestacións a facer actos vandálicos. Di que esta lei ampara ós cidadáns e dalles seguridade, polo tanto van a votar en contra.

O sr. Alcalde di que van a votar a favor porque pensan que esta lei non está consensuada con todas as forzas políticas. Di que hai cuestións nas que é máis fácil poñerse de acordo, entre elas está a seguridade.

VOTACIÓN

Sometida a votación **a moción é aprobada** cos **VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodriguez Fariñas e Iglesias Ferreira (doce votos a favor), os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez, (cinco votos en contra)**.**

- **Moción do Partido Popular con RE nº 5.385: Regularización da Asociación de Voluntarios de Protección Civil.**

A sra. Ortega martinez lé a seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección civil é un servizo público esencial, segundo recoñece a propia lei.

A protección das persoas, bens e medio ambiente, en situacións definidas como riscos e emerxencias debe ser debidamente defendida por este pleno do Concello de A Guarda.

Na Guarda sabemos que hai unha serie de persoas, que libre e desinteresadamente queren incorporarse á Asociación de Voluntarios de protección civil. Tendo este activo na nosa vila, debemos facilitar que estas mozas e mozos poidan realizar tarefas de prevención e actuación en riscos.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Debe estar ben diferenciado o labor profesional dos grupos de emerxencias, e o dos grupos voluntarios, sendo ambos necesarios e complementarios.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA SOLICITA Ó PLENO MUNICIPAL:

Que o grupo de goberno traia a este pleno proposta para regularizar a situación actual da AVPC de A Guarda, ao mesmo tempo que se rexistren oficialmente aos novos aspirantes á maior brevedade posible.

Que a todos os voluntarios e voluntarias da Agrupación de Protección civil de A Guarda que non teñan formación de acordo co previsto no art 46.3 de la Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia, se lles faciliten os medios e a información para que se formen no curso homologado pola Xunta de Galicia de formación Básica, co fin de obter a credencial precisa para o exercicio das súas funcións.

*Que se lle conceda unha sede, dotada de botiquin de primeiros auxilios**,** onde poidan desenvolver a súa función, asi como adoptar medidas preventivas para evitar riscos, actuar en caso de perigo, protexer a integridade das persoas e bens, ou outras situacións.*

Que se vaia dotando de vestuario adecuado de inverno e verán para os que xa formen parte de agrupación e o mínimo para os aspirantes.

Que o seguro que deben ter, sexa para aquelas persoas que realmente están traballando como voluntarios en protección civil.

Que dentro da agrupación se nome un coordinador, cos coñecementos e a experiencia adecuados, para garantir as tomas de decisións acertadas e a velocidade de resposta ante calquera situación de prevención ou risco.

Que se fomente a colaboración con outras agrupacions.

Que tanto a Agrupación Voluntarios de protección civil como o Grupo de Emerxencias Supramunicipal formen parte do organigrama de seguridade do Concello de A Guarda como corpos ben diferenciados."

ÁBRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que lle gustaría aproveitar esta moción para avanzar na regularización da situación de Protección Civil xa que e un corpo que está funcionando e así o saben todos, tamén o equipo de goberno xa que Protección Civil mete por rexistro a relación das actuacións que fan. Manifesta que lle preocupa se os membros de protección civil están cubertos pola póliza de seguros de responsabilidad civil do Concello. Estas personas están a facer cursos a proposta deste Concello e se están solicitando subvencións a nome deste grupo polo que o Concello é sabedor das actuacións que realizan. Di que os membros de Protección Civil se queixan de que solicitaron unha asamblea e que non se fixo. Di que ela

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

sobre todo o que quere é información sobre a situación na que se atopa protección civil.

O sr. Rodriguez Fariñas di que hai informacións contradictorias porque na documentación que se lle entregou asinada polo Sr. Taboada Veiga referida a maio de 2013 parece que a agrupación de protección civil facía moitisimas actuacións nese ano e nos anteriores. Pero di que no ano 2013 ninguen viu a ninguén de protección civil pola rúas. Sorprende que nese ano e nos anteriores se fan moitas compras de roupa. A proposta que fai a portavoz do PP lle recomenda que lea o decreto 56/2000 que fala da cualificación de protección civil. Di que alguen terá que coordinar este servizo e pregunta cando foi nomeado responsable de protección civil Jorge, cómo e en qué asamblea. A documentación que presentan no concello ten un anagrama que é non é o de protección civil e recorda que leva tempo insistindo que quere ver a póliza do seguros que cubre a esta xente. Di que hai máis de cinco anos que non hai asambleas de protección civil. Pregunta polos cursos de formación das persoas que estaban no operativo da Travesía a nado. Considera que neste tema habería que partir case de cero, con xente que coordine coa preparación necesaria para elo. Remata pedindo novamente copia da póliza de seguros de responsabilidade civil do Concello.

O sr. Alcalde lle pide que se ciña o contido da moción.

O sr Lomba Alonso recorda o que dixo fai moitos anos ó respecto que era que o Partido Popular e Celso Fariñas mataron a protección civil e o Partido Socialista rematouna. Sigue dicindoo. Pregunta se existe ou non protección civil, e se existe, quen son, quen é a xunta directiva. Se existe teñen que ter algún seguro. Entenden que a moción está mal redactada porque o alcalde non pode regularizar a situación de protección civil senón que ten ser a xunta directiva. E se non hai xunta directiva hai que poñer en funcionamento unha nova protección civil. Fixéronse gastos para protección civil o cal indica que está operativa. Sinala que se o concello permite que esta xente traballe sen ningún tipo de cobertura estase a cometer unha irregularidade. Alguen terá que xustiticar que control hai sobre o gasto asignado a protección civil. Se non existe protección civil qué se está a facer cos cartos para protección civil e se existe que se xustifique. O BNG di que ten haber protección civil debidamente rexistrados, coa formación necesaria e cun coordinador axeitado. O BNG quere deixar claro que A Guarda conta cun grupo profesionalizado de emerxencias que é o GES, que necesita de dotación propia e non prestada, e ahí é donde hai que instar ó equipo de goberno para esa dotación. O BNG di que hai que deixar claro cales son as competencias de cada corpo.

A sra. Ortega Martinez lle di ó sr. Rodriguez Fariñas que se na moción hai algo ilegal retirarase e ó portavoz do BNG lle di que está disposta á incorporar aquelas cousas que crean convintes pero hai que regularizar a situación e para elo hai dúas posibilidades: conta nova ou regularizar.

O sr. Español Otero remóntase á súa creación e di que Protección Civil se creou no ano 1993 tras unha moción do grupo municipal socialista. Di que este corpo sempre funcionou de maneira anómala e que houbo etapas convulsas. Sinala que na fiscalía hai unha denuncia por presuntas irregularidades no funcionamento de protección civil e di que se foi un concelleiro o que presentou esta denuncia debería decilo. Ata o ano 2013, no que se creou o GES, había moitos voluntarios de protección civil que

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

perseguían lexitimamente facer un curso para acceder os postos do desaparecido corpo GRUMIR. Sinala que sí existe protección civil. No ano 2007 Protección Civil xa tiña a xunta directiva actual. Di que a través de protección civil viñeron subvencións para o Concello da Guarda para emerxencias e o grupo de goberno decidiu entregarllo a quen estaba operativo que era o GES. Agora se lle entregou un remolque ó GES. Di que defende ó presidente de protección civil en toda a súa xestión. Intentan que convivan o GES e Protección Civil. Por iso di que están de acordo co primeiro punto da moción de traer a pleno unha proposta. Hai un grupo de voluntarios que non están dados de alta na agrupación de voluntarios de protección civil e se deron ordes para que non participen en ningún operativo. Pide que non se profundice neste tema e que se faga unha reunión cos responsables políticos e os membros de protección civil na que o equipo de goberno explicará cal é a súa visión do problema e a solución plantexada. Solicita que a moción se retire ata que se celebre esta reunión.

A sra. Ortega Martinez di que pode cambiar o primeiro punto da moción no sentido de solicitar ó equipo de goberno que convoque ós grupos políticos para regularizar a situación actual de AVPC.

O sr. Español di que o equipo de goberno se compromete a celebrar unha reunión na que lle trasladará ós grupos políticos a súa visión da problema e as vías propostas de solución, así como para recibir suxerencias.

O sr. Lomba Alonso di que o BNG non ten problemas por aprobar unha moción que consista en reunir ós grupos políticos para que o equipo de goberno presente a súa proposta da solución.

O sr. Alcalde di que o equipo de goberno ten trazado o libro de ruta para solucionar o problema e que vai ser así, pero que queren unha reunión con todos os grupos para que se fagan aquelas aportacións que crean convintes.

O sr. Rodriguez Fariñas di que habería que retirar a moción e asumir o compromiso de reunirse para tratar as solucións propostas polo equipo de goberno.

O sr. Alcalde di que se votará unha moción co seguinte apartado resolutivo: **o equipo de goberno asume o compromiso de celebrar unha reunión para presentar as solucións de regularización de Protección Civil e para escoitar as suxerencias ó respecto.**

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

- **Moción do Partido Popular con RE nº 5.486: Vixiancia nocturna para controlar ós efectos de botellón e a venda de alcohol a menores.**

A sra. Ortega Martinez da conta da seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nos últimos tempos, percíbese pola cidadanía unha falta de civismo por parte dalgunhas persoas que vagan polas rúas pola noite, en concreto os dos "minibotellóns" nocturnos que se están a celebrar nos portais de entrada de edificios e garaxes. É unha molestia para os veciños polo ruído e polos restos de comidas, bebidas e vasos, botellas, cristais e excrementos e mexadas que deixan no chan. Este problema foi sobradamente denunciado polos veciños de A Alameda e arredores, onde se produce a maior concentración de botellón, facendo que os veciños non podan durmir polos ruídos que ocasionan, a pesares que en teoría é un espazo libre de botellón.

Si ben é certo que a orixe deste desfase está nunha total falta de educación e de respecto para os demáis, debido a unha nula conciencia de o que é a convivencia e o civismo, o problema increméntase co consumo desproporcionado de alcohol.
Nalgúns casos, a idade desta xente está entre os 12 e os 17 anos, o cal supón un problema engadido, pois os seus pais ou familiares ignoran ou son incapaces de controlar estas perigosas tendencias dos seus fillos.
Pero aínda se agrava máis pola falla de escrúpulos dos que subministran de alcohol aos nosos adolescentes.
O Partido Popular de A Guarda pensa que creando unha patrulla de policía de apoio para as noites do sábado e vésperas de festivos, paliaríase gradualmente este serio problema. Na época estival, incrementaríase a frecuencia, cubrindo as noites de verbenas populares. Isto reduciría moito o descrito no punto anterior.
Hai que recalcar que dita medida de vixiancia sería presencial, e coa idea de axudar e dar apoio en caso de alteracións da orde pública, nunca con actitude de represión. Entendemos que os corpos de seguridade do estado deben defender os intereses da cidadanía, e velar pola súa seguridade. Os cidadáns teñen dereito a facer uso da súa liberdade, respectando a dos seus semellantes, e desenvolver as actividades de lecer (nocturnas neste caso) con harmonía e civismo.

*Por todo isto, o Partido Popular de A Guarda, insta ao grupo de Goberno a**:***

1) Elaborar unha ordenanza que sancione duramente non só aos que molesten e deixan lixo nos portais, sino tamén aos que subministran bebidas alcohólicas a menores.

2) Crear un sistema de vixiancia nocturna, mediante axentes de policía, que permita reducir os problemas descritos nos parágrafos anteriores. "

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que é unha moción moi complicada porque mezcla varios temas. Indica que ela coñece ben a situación porque vive pola zona onde de fai o botellón. Sinala que a situación do botellón se agravou coa remodelación da alameda, incluso máis cando se fixo máis vixiancia e se puxeron os letreiros de "zona libre de botellón" porque a xente abandonaba a alameda e se metía hacia a rúa Baiona. Di que o tema da venda de alcohol á menores está regulado e penado por lei. Cre que a creación desta ordenanza podería xerar problemas porque hai festas nas que é normal que se consuma alcohol fóra. Di que está de acordo co apartado de creación de novas prazas de policía local.

O sr. Rodriguez Fariñas pensa que a ordenaza non ten sentido, recorda que na súa época había orden e non ordenanza. Pensa que poñer a policía local a falar coa xente que está bebida (ou con outras substancias) pode traer problemas entre outros a aplicación da Lei Mordaza. Hai que evitar a venda de alcohol a menores pero tamén hai que implicar ós pais na educación dos fillos.

O sr. Baz Vicente di que xa hai unha lei para regular esto e teñen dúbidas sobre creación e apliación da ordenanza. Respecto da falta de civismo da cidadanía di que non sempre é debido ó botellón. Di que poñer máis policía non é a solución senón que hai que crear outros hábitos na xuventude. Por eso van a votar en contra.

O sr. Español Otero di que o seu grupo xa lle manifestou ó PP cal era a súa postura ó respecto. Consideran que hai unha lei que regula esto e que ademáis hai unha deixadez por parte das administracións que deben velar polo cumprimento da normativa ó respecto. Di que consultaron asociacións de carácter social e de loita contra o alcoholismo e drogadicción, e que estas lle dixeron que esta non era a solución. Do contido da moción despréndese que se quere impoñer un estado policial pola noites e eso non é viable. Por outra parte, considera que sería unha imprudencia e irresponsabilidade poñer dous policías locais a vixiar o que acontece na noite. En calquera caso o fenómeno do botellón é global e neste concello tampouco teñen acontecido grandes problemas. Cre que hai que buscar outras solucións ademáis da presenza da policía.

A sra. Ortega Martinez di que parece que ningúen entendeu nada. Explica que se refire a que non hai posibilidade de chamar a Policía Local cando polas noites están facendo destrozos porque non a hai. Relata o caso recente dunha veciña da alameda que tivo que recurrir á Guardia Civil de Tráfico porque a Guardía Civil da Guarda desentendeuse do problema.
O sr. Español Otero lle recorda que a competencia en orden público é da Guardia Civil e non da Policía Local.

O sr. Alcalde di que hai que distinguir dúas cuestións na moción:

1. unha é a venta de alcohol de menores; respecto a esto o Concello da Guarda non pode facer unha ordenanza para impedilo porque non é da súa competencia e ademáis está regulado por lei.
2. a outra é máis policía; el tamén quere máis policía e cre que fai falta. Considera que deberíamos estar mellor atendidos pola Guardía Civil. Di que se dirixiu a Érguete e estes lle dixeron que estaba totalmente desaconsellado o que se propon nesta moción.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Considera que existe un problema e que a solución pasa por tres aspectos: pola eduación, pola implantación doutras alternativas de ocio e polo asesoramento de asociacións como Érguete.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción obtivo os **VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco votos a favor), e os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodriguez Gonzalez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (doce votos en contra) polo que dita moción **non prospera.**

- **Moción de Converxencia GAlega con RE nº 5.798: Mesa de seguimento das mocións presentadas.**

O sr. Rodriguez fariñas da conta da seguinte moción:

"Cada pouco tempo, aparece reflexado nos medios de comunicación a protesta dos portavoces dos partidos políticos con representación no Concello, sobre como transcurrido un tempo prudencial, despois de haber sido aprobada unha moción, a situación se esquece e todo sigue igual.
Para evitar este problema, en moitas localidades e a iniciativa de diversos partidos políticos se está poñendo en marcha distintas alternativas, fundamentalmente unha mesa para o seguimento das mocións aprobadas e controlar o séu cumplimento, e dese xeito evitar que cada pouco tempo, se leven mocións sobre o mesmo asunto, sexa de índole municipal ou que afecta a localidade e corresponde a responsabilidade de actuar a unha institución de ámeto provincial ou autonómico..

Por elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a propoñer ao Pleno Municipal para o séu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCION:

a).- O Concello de A Guarda, creará unha mesa de seguimento do cumplimento das mocións aprobadas no Pleno.

b).- Os representantes dos partidos políticos con representación municipal, celebrarán unha xuntanza cada TRES (3) MESES como mínimo, para analizar os avances levados a cabo na execución das medidas propostas nas mocións aprobadas."

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di que a experiencia lle demostra que a creación de comisións de seguimento e mesas de control sirven para moi pouco. Considera que a proposta de creación desta mesa ten parte de razón pero considera que as

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

mocións que se aproban deben ser tramitadas con coherencia polo equipo de goberno sen necesidade deste control. Di que se vai abster.

O Sr. Baz Vicente considera que a creación desta mesa non é a solución, suporía incrementar o traballo cando hai outros cauces para fiscalizar o traballo do equipo de goberno incluso respecto do cumprimento das mocións aprobadas.

A Sra. Ortega Martínez considera que é importante facer un seguimento das mocións aprobadas pero non sabe se o mellor medio é a creación dunha mesa. Cre que podería habilitarse un apartado en rogos e preguntas para este fin.

O sr. Español Otero di que hai moitas maneiras de facer este seguimento sen necesidade de facer esta mesa, por exemplo en rogos e preguntas dos plenos.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción obtivo o **VOTO A FAVOR** do Sr. Rodriguez Fariñas (un voto a favor), os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra) e as **ABSTENCIÓNS** dos Sres/As. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións) polo que dita moción **non prospera.**

- **Moción de Converxencia GAlega con RE nº 5.806: Conservación e protección para o edificio do antigo Colexio Santiago Apostol do Pasaxe.**

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

"O longo do tempo, distintas persoas teñen manifestado o séu malestar polo estado de abandono que amosa o edificio do antigo colexio "Santiago Apostol" da Compañía de Jesús en A Pasaxe (Camposancos) que non só está inventariado, senón que é un referente da vida educativa e cultural de A Guarda e da organización religiosa dende finais do século XIX así como tamén polo uso que del se fixo na etapa iniciada en 1936.

A principios desta lexislatura municipal, recibimos unha carpeta ca documentación que dende marzo de 2.009 presentou Dª Alicia Pazos García, denunciando a falta de mantenemento, o estado de abandono e ornato que presentaban as instalacións, polo que en data do 22.06-2015 e por medio de R/E nº 4050 solicitamos acceso o expediente.

Temos, que en primeiro lugar, a Lei de Protección Cultural de Galicia no séu Título Preliminar "Disposicións Xerais", Artigo 3º, sinala: "As persoas que observasen perigo de destrucción ou deterioro dún ben integrante do Patrimonio Cultural de Galicia haberá, no menor tempo posible de poñelo en coñecemento da Administración competente...."

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Dito o anterior, hai que sinalar que dende marzo do 2009 a día de hoxe, todo foi unha repetición de papeis, solicitudes, informes, decretos, etc., para que todo siga igual ou peor que o principio, e a instalación esté en pésimas condicións.

Remitíronse resolucións municipais que foron repostadas fora de plazo, se fixo amago de apertura de expedientes sancionadores, solicitóuse permiso de obra sen cumpli-la tramitación pertinente, se fixeron obras sen licencia, etc., que o único que resolveron foi o poñer parches momentáneos pero ningunha solución seria o grave problema do edificio.

Queremos resaltar, que quen hoxe está o fronte da Alcaldía, era naquel momento Concelleiro de Cultura no Goberno Municipal polo que non pode sinalar descoñecemento do asunto, así como tampouco o Concelleiro de Patrimonio.

Os plazos de comunicación entre os propietarios, o Concello a Administración autonómica, é, cando menos, rocambolesca, xa que entre unhas e otras, son de tres ou catro meses co mínimo, sin que ningúnha das solicitudes chegue a rematarse, polo que todo caduca e volve a empezar.

Unha pequena lectura dos feitos nos pode poñer ante unha situación delicada pola omisión do respeto e cumplimento da legislación vixente.

Por todo-lo anterior, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a propoñer o Pleno para o séu debate e aprobación a seguinte MOCION:

O Concello de A Guarda, levará de maneira inmediata a efecto, os expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionador contra os propietarios do edificio que foi o COLEXIO "SANTIAGO APOSTOL" en A Pasaxe."

O sr. Rodriguez Fariñas relata polo miudo a cronografía dos feitos.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que é un tema urbanístico moi complicado e recoñece que descoñece o contido deste expediente polo que prefire esperar ó debate para emitir o seu voto

A Sra. Martinez Vazquez di que premura desta moción é aclarar se o contido desta moción é certo e a partir de ahí tomar medidas.

A Sra. Ortega Martinez di que prefire escoitar ó equipo de goberno antes de manifestarse porque non coñece ben este expediente. Recorda que hai outros inmobles na Guarda nesta situación.
O Sr. Alcalde di que se pode ver e que é evidente que o colexio está en mal estado Di que é un ben que forma parte do patrimonio da Guarda. Aclara que nun primeiro momento o que se lle esixiu ós xesuitas foi realizar obras de reparación para que non houbera perigo para os viandantes. Estas obras fixéronse e dende entón non hai perigo para os viandantes. Di que non van a a aprobar esta moción porque, logo das consultas feitas ó arquitecto municipal, pensan que este non é o camino. O arquitecto lles informou que non sería posible iniciar este expediente porque moitos destes escritos, licenzas e requerimentos teñen un periodo de caducidade. Sinala que tamén lle informou o arquitecto que, se as obras de reparacion superan o 50% do valor inmoble, o propietario non ten a obriga de arranxalo. Considera que hai

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

que falar cos xesuitas para que poñan os medios para que non se siga deteriorando o edificio. Di que adquire o compromiso de falar cos xesuitas para que melloren a seguridade e ornato do edificio e traballen na rehabilitación do edificio ainda que cre que será moi difícil este punto. Considera que habería que retomar o expediente pero non iniciar un sancionador e de reposición da legalidade.

O sr. Rodriguez Fariñas di que no propio informe do arquitecto municipal consta que as obras feitas non teñen licenzas nin as autorizacións pertinentes. Informa que segundo a lei o alcalde ten un prazo de 6 anos para incoar expediente de reposición da legalidade dende o remate das obras sen licenza. Di que non está caducado ningún destes expedientes. Considera que houbo un abuso por parte dos xesuitas.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción obtivo o **VOTO A FAVOR** do Sr. Rodriguez Fariñas (un voto a favor), os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra) e as **ABSTENCIÓNS** dos Sres/As. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións) polo que dita moción **non prospera.**

- **Moción do Partido Popular con RE nº 5.941: Posto de traballo e indicacións na entrada do Concello.**

A Sra. Ortega Martínez da conta da seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e visitantes da Guarda cando entran no Concello para facer unha xestión se atopan o primeiro problema, non saben a onde dirixirse, en principio non saben si deben subir ou quedarse abaixo, e non saben si hai alternativa as escaleiras para subir en caso de dificultades para poder acceder polas escaleiras.

O Grupo Popular ten a percepción de que estes veciños, e persoas que viven só en vacación na guarda, se atopan un pouco perdidos ó entrar no concello,xa que moitas veces a nos mesmos como concelleiros nos preguntan, e non respostamos na medida do posible, como estou seguro que o fai calquera que se atope nas inmediacións da entrada ó concello. .

Sabemos de outros concellos que hai unha persoa encargada de dirixir e explicar os veciños, somos coñecedores das restricións legais e orzamentarias para contratar mais persoal polo concello, polo que pensamos nunha reestruturación do persoal de forma que alguén que o grupo de Goberno estime oportuno, liberado de outras tarefas polo menos parcialmente, podería facer estes labores, seguro que os veciños o agradecen, xa que é unha forma de acercalos á burocracia que supón todos os trámites a realizar nun concello. E labor de todos, de este pleno mais que de ninguén, que o concello sexa accesible ó cidadán, que non se lle poña a primeira traba por falla de información.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Non nos gusta que moitos cidadáns digan, que noutros concellos próximos os dirixen e atenden mellor, non vamos a por exemplos, e non queremos facer un tema de colores políticos con esta moción, queremos axudar, construír un concello mais achegado o cidadán. Pensamos que a solución é doada e por iso vimos a este pleno a pedir apoio.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA Ó PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SI PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Grupo de goberno estudie a viabilidade, e poña en marcha a instalación dun novo posto de traballo preto da porta de entrada o concello de A Guarda para dirixir as persoas que veñen a facer xestión o departamento adecuado, así como indicarlle os pasos a seguir dando todo tipo de información, non só do lugar senón tamén do trámite a realizar.

Que se poñan paneis na entrada indicando cada un dos departamentos de Concello, cun pequeno esquema das funcións de cada un."

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira cre que o concello non é o novo hospital de Vigo en canto as súas dimensións. Sinala que ela tamén vai a outros concellos e nunca atopou a unha persoa ó lado da porta para dirixila e engade que non coñece o posto de traballo que se demanda na moción. Está a favor da creación de postos de traballo pero que hai que estudiar as necesidades. O problema resolvese coa 2ª parte da moción que é a mellora da sinalética.

O Sr. Rodriguez Fariñas di que na propia moción se fala da creación dun posto de traballo e considera que podería haber unha reorganización pero non a creación dese posto posto de traballo e sinala que é factible a segunda parte da moción e pide que se voten por separado.

A Sra. Martínez Vázquez pide que se lles explique se a proposta supón aumento de plantilla. En calquera caso este posto de traballo tería que ter mais atribucións.

A Sra. Ortega Martínez di que se refire á creación dun posto de traballo que implica reestructuración e non a contratación dunha nova persoa.
O Sr. Español Otero indica que agora hai pouco persoal e non se pode redistribuir. Di que está de acordo co asunto da mellora da sinalética pero que esta solución duraría pouco tempo porque está previsto ó traslado ó novo edificio destinado á concello.

A Sra. Ortega Martínez quere aclarar que non puxo en dúbida a profesionalidade e atención dos funcionarios da Guarda pero di que hai veciños que prefiren ir a outros concellos porque os dirixen mellor.

O sr. Alcalde di que nunca lle trasladaron ese descontento pero que tratará de mellorarse a atención.

A sra. Martinez Vazquez di que o BNG pide que se voten por separado os dous puntos da moción.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Sr. Alcalde di que se votarán por separado.

VOTACIÓN

VOTACIÓN DO 1º PUNTO DA PARTE RESOLUTIVA DA MOCIÓN: *Que o Grupo de goberno estudie a viabilidade, e poña en marcha a instalación dun novo posto de traballo preto da porta de entrada o concello de A Guarda para dirixir as persoas que veñen a facer xestión o departamento adecuado, así como indicarlle os pasos a seguir dando todo tipo de información, non só do lugar senón tamén do trámite a realizar.*

Sometida a votación este punto da moción obtivo os **VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco votos a favor), e os **VOTOS EN CONTRA** dos sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodriguez Gonzalez e Iglesias Ferreira (oito votos en contra) , e as **ABSTENCIÓNS** dos sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Rodríguez Fariñas (catro abstencións) polo que dita moción **non prospera.**

VOTACIÓN DO 2º PUNTO DA PARTE RESOLUTIVA DA MOCIÓN: *Que se poñan paneis na entrada indicando cada un dos departamentos de Concello, cun pequeno esquema das funcións de cada un."*

Sometida a votación o segundo punto da moción foi aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **Moción de Converxencia Galega con RE nº 5.920: Axuda ós refuxiados sirios.**

O sr. Rodriguez Fariñas di que retiran o punto a) do punto primeiro da parte resolutiva tras un acordo ó que chegou co BNG para fusionar as dúas mocións.

O sr. Lomba Alonso explica que o BNG está disposto a fundir as dúas mocións pero que lle vían problemas o apartado a) do punto primeiro da parte resolutiva da moción de Converxencia Galega. O BNG considera que, se se retira este punto, poderían fundirse as dúas mocións sempre e cando contara coa aprobación da corporación.

O Alcalde explica que hai dúas mocións sobre o mesmo tema e pide que se explique se vai a seguir habendo dúas moción ou só unha.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O Sr. Lomba Alonso di que habería unha moción que sería a de Converxencia Galega sen o apartado antedito e se lle engadiría a parte resolutiva da moción do BNG.

A sra.Iglesias Ferreira di que non ten problema en que se fusionen as mocións.

A sra. Ortega Martinez di que non ten inconvinte en que se fusionen as mocións.

O sr. Español Otero di que tamén teñen unha moción sobre este tema que se parece moito moito máis á do BNG e que apoiarán a do BNG pero non a de Converxencia Galega.

O sr. Alcalde explica en qué vai consistir a fusión: ó apartado resolutivo do BNG engádesele á parte resolutiva da moción de Converxencia Galega sen o apartado 1.a).

O sr Lomba Alonso explica que as mocións pretenden, en resumo, poñer ó concello a disposición da Xunta de Galicia, da Fegamp e doutros entes. Por esta razón entenden que hai que quitar o apartado 1.a) da moción de Converxencia Galega porque cargaría de traballo ó propio concello. Pero insiste en que esta fusión só se levaría a cabo se vai ser apoiada pola maioria da corporación.

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que vai apoiar a moción. Di que lles gustaría que se incorporara o seguinte punto: *Colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, ao concello de A Guarda e á Fegamp, para que en colaboración coas ONG´s con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.*

O sr. Español Otero di que apoiarán a moción do BNG porque coincide coa súa, pero di que non apoiarán a de Converxencia Galega porque no apartado B da súa moción di que se preparará unha relación de lugares de acollida de propiedade municipal para a acollida e eles cren que será a comunidade europea quenes digan os medios que necesitan.

O sr. Lomba Alonso di que entón vai a defender a súa moción por separado.

Decídese votar ás dúas mocións por separado polo tanto procédese á votación da moción de Converxencia Galega retirando o apartado 1.a) da parte resolutiva.

O sr. Rodriguez Fariñas da conta da seguinte moción:

"En 2014, chegaron a Italia 170.000 inmigrantes e solicitantes de asilo, contándose por milleiros os mortos que quedaron no mar. Neste ano, máis de 350.000 persoas refuxadas, fuxen da pobreza dos séus países, a maioría deles en guerra, intentando chegar a Europa, e moitos morrendo no intento, que según cifras oficiais da Axencia da ONU para os refugiados, supera os 2.500 As operacións de rescate e traída a porto, provocan grandes debates sobre o reparto e

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

acollida, poñendo en cuestión a solidaridade comunitaria e a eficacia da política común na área de inmigración.

A falla de control dos bandos enfrontados en Libia sobre as súas fronteiras, convertiron a súa costa no principal punto de saída da inmigración hacia Italia, na que se combinan, por unha banda os fluxos migratorios por causas económicas, e polo outro, o das persoas que fuxen das guerras civís, sanguinarias dictaduras e outras loitas en Siria, Eritrea, o Estado Islámico, Malí, e noutros países africanos e do Oriente Próximo. A Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR) estima que estes conflictos teñen provocado no 2014 unha cifra record de 59 millóns de refugiados e desplazados internos, superanso as cifras da II Guerra Mundial.

O Mediterráneo, convertiuse na fronteira migratoria máis desigual do mundo, máis que a que separa EE.UU e México donde a dos primeiros, equivale a 3,4 veces a de México, pero a renta española equivale a 6 veces a marroquí, e a italiana supón 5 veces a egipcia. A oleada migratoria empezou no 2011, cando Túnez e Libia, non poideron seguir controlando as súas costas, despois das chamadas "primaveras árabes", convertindo en papel mollado os acordos asinados con Italia en anos anteriores. Nese ano, as rutas do Mediterraneo Occidental (entre Marrocos e España) e do Atlántico (dende Mauritania, Senegal e outros países veciños, hacia Canarias) estaban moi controladas.

O pechar estas rutas, a inmigracións desplazouse cara o Leste e a fronteira Greco/Turca se convertiu na porta da entrada. Así, nas derradeiras semáns, as illas grecas e a fronteira terrestre oriental do espacio Schengen (Hungría, con presións que veñen dende Serbia) están vivindo un aumento considerable das chegadas.

As normas europeas, conxuntas ou dos estados membros, diferencian claramente entre asilados/refuxados e inmigrantes económicos. Namentras nos primeiros prima o enfoque humanitario e teñen dereito a recibir permiso de residencia se se demostra que eles e séus países cumplen certas condicións, no caso dos inmigrantes económicos, a lóxica que domina as decisións dos estados é a económica relacionada co mercado de traballo. Nesta postura, a presión africana é rechazada en moitos países do primeiro mundo porque en gran parte non resulta integrable nos mercados de traballo europeos, que buscan atraer inmigración de alta cualificación, moi por enriba da media ou baixa que de xeito irregular chega polo Mediterráneo.

Aparentemente, a distinción entre ún e outro tipo de inmigrantes (económicos ou refuxados) é fácil, pero na práctica é cada vez máis difícil, porque as dictaduras máis duras e os conflictos con máis mortes, prodúcense na maioría dos casos nos países que son máis pobres, de maneira que non sempre está claro si a persoa que fuxe o fai por razóns de supervivencia económica ou porque a súa vida ou a súa integridade físita esta en risco. Neste punto, é donde os países desenrrolados teñen entrado en conflicto, e donde consideramos que España non deu unha resposta adaptada as circunstancias xa que recibe principalmente refuxiados, é e por este motivo polo que o nos goberno debera abandona-lo discurso da inmigración porque o que recibe principalmente xa non son personas en busca de traballo, senón xente que fuxe da guerra e a persecución, é decir, refuxiados.

Este ten sido un dos veráns mais terrible e deshumanizados en moito tempo, motivos sobran, as imáxenes e noticias que sáen a diario, son as máis vergoñentas,

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

especialmente para as "democrácias occidentais" que non saben ou non queren poñerlle freo, e por elo, miran para outro lado, cando o que atopan, son a miles de persoas que somentes queren unha vida mellor, porque é o único que teñen, non se pode decir que non temos recursos para atender a todos/as, pero polo menos, podemos intentalo con unha parte deles, para entre todos loitar por un mundo maís igualitario e mellor

As instituciones europeas e nacionais, competentes en materia de inmigración, deben acometer de maneira real o drama que están vivindo centos de miles de persoas que intentan chegar a Europa polo Mediterráneo xogándose a vida. Nin o Parlamento Europeo nin o Español poden seguir de vacacións e calados mentras o drama no Mediterráneo aumenta día tras día.

Grupos Políticos, ONGs, entidades sociais e cívicas, veñen reclamando a necesidade de levar a cabo políticas e vías legais para entrar en Europa e que ningunha persoa teña que lanzarse o mar a xogarse a vida nas fronteiras, namentras polos Gobernos, se sigue con medidas de defensa e control de fronteiras, persecución a inmigrantes, trabas os refugiados e militarización das fronteiras, o que forzou a este vrán tan tráxico.

A opción militarista é insolidaria e cruel, Europa debe recuperar a humanidade e recoñecer que a proposta militar foi un fracaso, pois anque hubo algunhas operacións de salvamento que foron positivas como a das 4.400 persoas en Italia, o crecemento incesante de mortes sigue en aumento, e ademais, porque o sistema de reparto de refugiados quese propuso dende o inicio, recibiu a negativa de varios estados membros, incluída España.

Non podemos permitir que se sigan levantado vallas e novas fronteiras, cando non se busca deliberadamente as verdadeiras causas do drama humano que estamos padecendo que non son outras que as políticas económicas, de guerras e de expolio patrocinadas en Oriente Medio e Africa. A cruel realidade é que estamos ante a maior crise humanitaria dos últimos 50 años en Europa. A situación é de máxima urxencia e a Unión Europea non pode mirar para outro lado diante das persoas que fuxen de guerras provocadas ou alentadas pola propia Unión Europea e a súa rama militar da OTAN en Irak, Siria ou Libia.

A nivel local debemos traballar para darlle solucións a este problema, e xa hai moitos concellos como A Coruña, Vigo, Barcelona, Sabadell, Valencia e cada día máis, que teñen manifestado a súa vontade de participar nunha rede de cidades-refuxo que acollan a persoas refugiadas que intentan chegar a Europa poñendo en grave perigo as súas vidas.

Por elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, traemos o Pleno para o séu debeate e aprobación se procede a seguinte moción:
ACORDOS

PRIMEIRO: O Concello de A Guarda, declara a súa disposición de axudar e acoller como lugar de refuxio as persoas que fuxen da guerra e da persecución nos séus paíse e solicitan asilo na Unión Europea, e para elo, adoptará as seguintes medidas:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

b- Preparar unha relación de lugares de acollida, preferentemente de propiedade municipal.

c- Habilitar unha partida económica para as actuacións municipais a adoptar así como para colaborar cas organizacións que traballan na aocllida de persoas refugiadas.

SEGUNDO: O Concello de A Guarda, dacordo ca Proposta da CEAR (Comisión Española de Axuda o Refugiado) esixe a Unión Europea e aos séus Estados membros, especialamente o Goberno de España, que poñan enmarca con carácter de urgencias, as seguintes medidas:

Desenrrolar unha nova política de asilo e migración europea na que se prioricen as persoas e os dereitos humáns.

Por en marcha unha operación de rescate e salvamento eficaz que conte cos medios e o alcance necesarios, cumplindo co deber de socorro, co find e evitar máis mortes no Mediterraneo.

Habilitar vías legais e seguras que garanten o acceso o dereito de asilo as personas refuxadas evitando que teñan que emprender travesías mortais para obtener protección nún país seguro.

Para elo é necesario:

-Reforza-los programas de reasentamento en coherencia co número de refuxados existente, asumiendo un reparto equitativo e solidario entre todo-los Estados
- Abrir a posibilidade de pedir asilo en embaixadas e consulados en países de orixen e tránsito
- Activar políticas de concesión de visados humanitario.
- Facer realidade a Directiva Europea de Protección Temporal, activando o mecanísmo contemplado para facer fronte a emergencias humanitarias.
- Aborda-las causas que provocan os desplazamentos forzados

Propoñer e por en marcha novos mecanismos non militarizados de xestión dos fluxos migratorios en Europa, e por lóxica, en España.

TERCEIRO: Comunicar o presente acordo os/as veciños/as do Concello, darlle traslado a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, de xeito individual aos concellos que a compoñen, a C.E.A.R., o Goberno de España, o Congreso dos Deputados, Grupos Parlamentarios de Congreso e a Comisión Europea."

Decídese votar ás dúas mocións por separado polo tanto procédese á votación da moción de Converxencia Galega retirando o apartado 1.a) da parte resolutiva.

VOTACIÓN.

Sometida a votación a moción sen o apartado 1.a) foi aprobada **COS VOTOS A FAVOR dos** Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dez votos a favor) e cos VOTOS EN CONTRA dos

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

sres/as- Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez (sete votos en contra).

- **Moción de AVITE asumida por todos os grupo políticos municipais con RE nº 5.902: Apoio ás vitimas da talidomida.**

O sr. Alcalde da conta da seguinte moción:

"BREVE HISTORIA DE LA TALIDOMIDA EN ESPAÑA:

La Talidomida se patenta en España en Marzo de 1.954, se trataba de un maravilloso sedante sin efectos secundarios, y además paliaba las náuseas y vómitos en las embarazadas. Empezaron a nacer un número desproporcionado de niños con graves malformaciones en brazos y/o piernas, incluso careciendo de ambas, y en Noviembre de 1.961 los doctores Widukim Lenz (alemán) y Claus Knapp (español) descubren la relación entre la Talidomida y las malformaciones. Entre Noviembre de 1.961 y Mayo de 1.962 es retirada en el Mundo entero, salvo.....en España, donde se continua vendiendo aun a sabiendas de sus consecuencias, al menos hasta 1.975. La farmacéutica alemana Grünenthal hizo en España su negocio.

La catástrofe de la Talidomida sirvió para cambiar toda la legislación en materia de control sanitario de medicamentos, alimentos, bebidas y artículos de consumo humano, por lo que podemos decir que gracias a la Talidomida la humanidad puede estar tranquila con las cosas que se lleva a su boca, sobre todo los medicamentos. Escaso ha sido el agradecimiento para con sus víctimas, en España, absolutamente nulo.

BREVE RESUMEN DE LA LUCHA DE AVITE EN ESTOS 11 AÑOS:

Once han sido los años de lucha en busca de una equiparación con las víctimas de Talidomida del resto de Europa, y en este largo camino solo hemos logrado un Real Decreto (1006/2010) que reconocía solo a 24 personas, y las concedía lo que el propio texto denomina "Ayuda Solidaria", o dicho de otro modo más coloquial, una limosna para que nos estemos callados.

Hemos conseguido también que la Talidomida sea incluida en el Real Decreto 1851/2009 entre las causas que justifican una jubilación anticipada con 56 años a las personas que superen el 45% de discapacidad. Paradójicamente, no hay organismo oficial (y gratuito) que reconozca quien es afectado de Talidomida y quien no, por lo que orquestamos un Real Decreto al que las víctimas de Talidomida no tienen posibilidad de acogerse por carecer de reconocimiento "oficial".

Y como colofón demandamos por lo civil al laboratorio alemán Grünenthal ganando el juicio completamente en primera instancia, siendo anulado solo por prescripción por la Audiencia Provincial de Madrid, y en la actualidad estamos a esperas de la resolución del Tribunal Supremo que deliberara la sentencia el próximo 23 de Septiembre de este año (sin ayudas de nadie ni subvenciones de ninguna empresa ni pública ni privada, solo subsistiendo con las cuotas mensuales de sus socios).

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

BREVE SITUACION ACTUAL Y COMPARATIVO, CON RESPECTO A LAS VICTIMAS DE OTROS PAISES:

La comparativa es muy sencilla, se resume en dos simples puntos: a) Todas las víctimas de los países europeos han percibido:

1- Una indemnización

2- Pensiones vitalicias para sus víctimas que les garanticen una supervivencia digna, y sobre todo independencia.

3- Unidades médicas especializadas

4- Unidades psicológicas especializadas

5- Gratuidad en medicamentos, prótesis y orto prótesis

b) En España.....NADA DE NADA

SITUACION ACTUAL DE LAS VICTIMAS ESPAÑOLAS EN NUESTRO PAIS:

Las victimas vivas de Talidomida que quedan en España, la gran mayoría, sobrevive de las ayudas familiares, la caridad, la iglesia, las instituciones de ayuda social, e incluso ejerciendo la mendicidad por los suelos de las calles de las grandes ciudades. Flaco favor para aquellos a quien la humanidad debe tanto.

Por todo ello, el Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento, somete al Pleno, para su aprobación y acuerdo oportuno, los siguientes puntos:

PUNTO 1º) Declarar el Apoyo UNANIME Y SOLIDARIO del Ayuntamiento de xxxxxxxxx, para con las Victimas de la Talidomida en España, y en particular a la Asociación AVITE, por su lucha incansable y sin cuartel, en pro y favor de las víctimas de este fármaco en España, por la deuda histórica que nuestro país tiene con los afectados y sus familiares, desde hace 60 años.

PUNTO 2º) Instar y escribir a la farmacéutica alemana Grünenthal, imperio farmacéutico mundial y afincada en España, responsable de la masacre, solicitándole que sin más dilación,indemnice a los afectados españoles, a la siguiente dirección:

DIRECTOR GENERAL DE GRÜNENTHAL ESPAÑA C/ Dr. Zamenhof, 36 28027 MADRID

PUNTO 3º) Que independientemente a la indemnización a la que puedan tener derecho cada uno de los afectados, por el daño que le produjo la farmacéutica en sus cuerpos antes de nacer, además de los daños nuevos, continuos y permanentes que siguen apareciendo en sus cuerpos cada día, después de 60 años, instar también y escribir desde este Ayuntamiento, al Presidente del Gobierno de España, para que como medida social, el gobierno de la nación, (a través del organismo que corresponda) filtre quien puede ser afectado o no, de Talidomida en España, y conceda pensiones vitalicias a los afectados, hasta que fallezcan, como están percibiendo los afectados del resto de países del mundo, menos en España. Escribiendo a la siguiente dirección:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Sr. Presidente del Gobierno PALACIO DE LA MONCLOA Complejo de la Moncloa, Avda. Puerta de Hierro s/n 28071 MADRID

PUNTO 4º) Enviar el acta y el acuerdo adoptado por este Ayuntamiento, respecto a esta MOCION DE URGENCIA, tanto a la Asociación AVITE, C/ Comadrona Carmita, 1-2º-H 30820 ALCANTARILLA (Murcia), como al laboratorio alemán Grünenthal afincado en España, como multinacional, y también al Gobierno de España, representada por su Presidente del Gobierno.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **Moción de CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA asumida polo BNG con RE nº 5.702: Sobre medidas para garantir a enerxia como servizo público e contra a pobreza enerxética.**

O sr. Lomba Alonso pide permiso para outorgarlle a palabra ó secretario comarcal da CIGA VIGO para a defensa da moción.

O Sr. Alberto goncalves fai unha defensa da seguinte moción coa que pretende o apoio da corporaión a iniciativa lexislativa popular promovida pola CIGA para a implantación dunha tarifa eléctrica galega.

"A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular, que na súa exposición de motivos e articulado sinala o seguinte:

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa uruca, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo 1, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, proponse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades -coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas- está estreitamente vencellada a disparen de

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificiosamente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gobernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Leí recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantira enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.

e) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.

d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobrezaenerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivencia. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para mantera temperatura da vivenda entre 18ºC e 21ºC.

Artigo 3. Medidas para erradicara pobrezaenerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.

2. Para os efectos de dar comprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Leí, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de intenupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.

3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Leí cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular."

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira considera que a iniciativa popular debe presentarse no parlamento e non no concello. Corrixe ó secretario comarcal recordándolle que este concellO é A Guarda non a garda. Di que a z de Galiza non lle gusta pero que vai apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que hai unha diferencia sustancial entre a exposición de motivos e o que realmente se pide. Di que non está de acordo coa exposición de motivos pero si co que se pide. Enumera os beneficios que lle supón a Galicia ser productora de electricidade pero o seu partido aposta por eliminar fonteiras e crear unha taxa única europea na competitividade faga que a electricidade sexa máis barata para todos.

O sr. Español Otero di que non comparte a exposición de motivos polo carácter nacionalista pero vai apoiar a moción.

O sr. Lomba Alonso agradece o apoio das forzas políticas do plenario.

O sr. Alcalde di que considera que, respecto da explotación dos recursos da terra, debe haber compensación para os territorios que poñen os seus recursos en favor da comunidade.

<u>VOTACIÓN</u>

Sometida a votación a moción foi aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **Moción do Partido Popular con RE nº 5.746: Sobre regulación do tráfico no Porto.**

A sra. Ortega Martinez lee a seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante todo o ano se producen incidentes pola circulación inapropiada de vehículos na Rúa do Porto, que nada teñen que ver cos residentes e propietarios dos restaurantes. Este vial dende fai tempo e a día de hoxe, faise moi perigoso, especialmente para un colectivo vulnerable como son os nenos, que xogan na rúa mentres os seus pais disfrutan da gastronomía guardesa, ou simplemente están alí relaxándose co solpor e as vistas do peirao.

Os veciños e visitantes que disfrutan das terrazas e do paredón, amosan constantemente unha gran preocupación por un posible atropelo nunha zona considerada peonil, e a súa indignación chéganos a nos, como seguro que tamén lla transmitirán ao grupo socialista do Goberno.
A existencia (necesaria no verán) das terrazas, reduce case a metade o ancho da rúa, polo que os usuarios da mesma teñen limitado o espazo de lecer. Se a esa limitación lle engadimos o tráfico rodado e os vehículos aparcados, esa zona do porto, un dos lugares preferidos por visitantes e residentes, convértese nun perigoso caos que xa ten dado máis dun susto.

A Seguridade das persoas na Guarda , evitando riscos innecesarios, debe ser tratado por este pleno do Concello de A Guarda con absoluta seriedade, traballando na busca de solucións, e implicándose en todos os casos, sendo este da Rúa do Porto, un dos mas sinalados polos veciños.

Xa sabemos que a Rúa do Porto é competencia de Portos de Galicia, de igual forma que o é o paseo que vai dende a Praia do Cangrexal ata o Museo do Mar, tamén nunha ocasión cheo de vehículos aparcados e circulando, a pesares da sinal de prohibición, pondo novamente en riscos aos usuarios que pasean por esa zona do Porto de A Guarda.

Estas situacións na rúa do Porto e no paseo, se agravan no época estival pola afluencia de visitantes incrementándose o risco que suceda unha desgraza que todos lamentaríamos.

*En canto á **Rúa do Porto**, solucións hai poucas, pero hainas. Algunha delas podería ser algunha de estas ou a combinación de:*

a) Instalar un bolardo retráctil na entrada e saída da Rúa do Porto, accionado cun mando a distancia. Dito mando teríano os residentes e propietarios dos negocios desa rúa, e poderíano utilizar para acceder aos garaxes e para as operacións de

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

carga e descarga de particulares. Isto xa se fai en outros concellos con éxito, e sen ningún tipo de problema para ninguén.

b) Prohibir aparcar en toda a Rúa do Porto, como corresponde a unha zona peonil desas características. Este apartado tería que cumprirse estritamente e do contrario ser sancionado pola autoridade competente (Portos de Galicia ou Policía Local, segundo acordasen).

c) Abrir dous accesos peonís máis no paredón cara a a rúa inferior (aínda sen nome). Sería mediante ramplas, para axilizar a circulación de peóns e persoal de reparto e subministro aos negocios da Rúa do Porto. Os vehículos de mercancías, terían as súas zonas de carga e descarga á veira destes accesos, perfectamente sinalizadas. Isto tamén se fai noutros concellos e tampouco é nada traumático para ninguén.

Por outra banda temos o problema do ***Paseo Marítimo*** *que vai dende a praia do Cangrexal ata o Museo do Mar.*

En certo día deste mes de agosto, houbo unha afluencia de turistas desmesurada ao porto guardés, o que fixo que se saturasen de coches as zonas de aparcadoiro no porto, na rúa sen nome e na Rúa Fernández Albor. Isto tivo como consecuencia que, de forma ilegal, os coches circulasen polo vial inferior do Paseo Marítimo e mesmo que aparcasen nel. (Por suposto non estaba alí a autoridade portuaria nin municipal para impedilo).
Este detalle non tivo maiores consecuencias, salvo o lóxico enfado dos paseantes.

Os populares de A Guarda pensamos que sexa cal sexa a solución as mencionadas por nos ou outras, deben ser estudada e consensuada entre o Concello, Portos de Galicia e os veciños da Rúa do Porto.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA Ó PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SI PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o Grupo de goberno inste e organice unha reunión con Portos de Galicia, e os implicados na Rúa do Porto como Restaurantes e Asociacións Comerciantes e de Veciños, para consensuar unha solución definitiva ao problema de seguridade nesta Rúa, e no paseo marítimo ata o Museo do mar."

Engade que retira o referente ó paseo marítimo que vai da Praia do cangrexal ata o Museo do Mar.

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que xa se falou moitas veces desto e que cre que na parte resolutiva debería poñer "outra reunión" porque xa se fixeron moitas. Di que unha das solucións sería asinar un convenio con Portos de Galicia para outorgarlles competencias á Policia local como se fixo por exemplo no Grove. Informa que podería darse o problema de que Portos pechase a explanada e desaparecerían moitas prazas de aparcamento. Recorda que tamén se falou da instalación do

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

bolardo que Portos estaba disposto a poñelo pero que non se responsabilizaban dos mandos.

O sr. Rodriguez Fariñas recorda que o paseo que vai dende a Ribeira ata o Museo do Mar chamase Paseo de Mazaracos. Por outra parte di que este é un tema que ten moito tempo e cre que o que se propón aquí sería unha reunión máis. Ainda así considera que é importante que se fagan as reunión necesarias para solucionar este problema e van a votar a favor.

O sr. Baz Vicente di que xa houbo moitas reunións. Di que Portos autorizaba ó Concello a poñer o bolardo pero debía costealo e o Concello non o puxo. A solución pasa pola vontade politica. Considera que hai outras solucións máis económicas sen necesidade de mandos que é contar coa colaboración dos veciños. Pide vontade política do PSOE e do PP para resolver o problema.

O sr. Alcalde di que non necesita que lle dean queixas porque él mesmo é consciente do que incomoda a situación actual. Recorda que no verán recriminoulle a algún usuario a súa actitude ó usar esta vía co seu vehículo. Anuncia unha reunión co Xefe de Portos de Galicia para o 20 de outubro. Considera que a solución é moi fácil, e máis fácil lle parece ainda tras escoitar o portavoz do BNG dicir que hai veciños dispostos a encargarse de abrir e pechar o paso. Recorda que o equipo de goberno xa levou este tema á Portos de Galicia e di que o bolardo custa 12.000 euros e considera normal que o concello non pague. Di que vai pedirlle á Portos que solucione o problema.

O sr. Baz Vicente recorda que hai solucións que custan menos de 12.000 euros e considera que o Alcalde debe buscar outras solucións.

O sr. Español Otero di que, dende o seu punto de vista, os restauradores tamén teñen responsablidades co tráfico rodado nesta parte da rúa do Porto.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **Moción do BNG con RE nº 5.987: Sobre a homologación das aulas da Casa de Oficios.**

O sr. Baz Vicente da conta da seguinte moción:

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A formación é un dos piares básicos nos que debe sustentarse unha efectiva promoción de emprego que pretenda facernos saír da crise económica na que estamos inmersos. A capacitación daquelas persoas que están a procura de traballo lógrase cunha formación de calidade e cunhas instalacións axeitadas onde poder realizar dita formación.

Dende o BNG consideramos que as institucións públicas, entre elas o concello, deben comprometerse e facilitar a formación necesaria para a consecución dun posto de traballo que redunde na creación de riqueza para o pobo da Guarda.

A casa de oficios é o lugar que debe cumprir este cometido. Para iso é necesario que as instalacións teñan as condicións necesarias para o desenvolvemento de diferentes tipos de cursos.

Dende o BNG somos conscientes que a homologación das aulas da casa de oficios é unha condición indispensábel e fundamental para poder realizar cursos de formación que nestes intres non se poden impartir.

Somos coñecedores que o Concello da Guarda xa ten perdido algún curso por non ter homologadas ditas aulas, polo que non se entende a actitude dun grupo de goberno que logo nos seus discursos fala da formación na promoción de emprego.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ***acordo***

O concello tomará as medidas oportunas e iniciará os trámites para a homologación das aulas da casa de oficios para abrir a posibilidade de impartir novos cursos de formación."

O sr. Baz Vicente pregunta que se está a facer coa Casa de oficios. Nela se fixeron moitos cursos de formación e di que agora se están perdendo cursos por non haber homologado as aulas. Consideran que a homologación non é moi custosa.

ABRESE O DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di que descoñece se a Casa de Oficios da Guarda cumpre coa normativa de accesiblidade. Di que lle parece unha moción interesante e van a apoiar a moción.

O sr. Rodriguez Fariñas di que vai apoiar a moción.

A sra. Ortega Martinez di que vai apoiar a moción porque era un asunto que levaban no seu programa electoral. Considera una pena que non se retomen as escolas obradoiros.

O sr. Español otero di que están a favor da mocióne e que están ansiosos por homologala. Anuncia unha gran dificultade para facer accesible a casa de oficios

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

para a súa homologación. Pedironse subvencións para elo e as distintas administracións esixen xustifificar a titularidade da Casa de Oficios e resulta que este ben non está inventariado e non é titularidade do Concello da Guarda senón dunha fundación. O único que hai é un alquiler por moitos anos pero non a titularidade. O concello está a traballar na adquisición da titularidade deste ben e tamén do Centro Cultural que está na mesma situación.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción foi aprobadA por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

- **Moción do BNG con RE nº 6.022: Sobre a Policía Local.**

O sr. Baz Vicente da conta da seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que os problemas de tráfico son unha constante neste concello é unha realidade que ninguén se lle escapa. Que a negativa dos sucesivos gobernos do PSOE a afrontalo por medio dun plan de tráfico é algo que amosaron co voto en contra á moción presentada no seu momento polo BNG.

Para o BNG esta situación lévanos a reflexionar sobre os recursos que ten o concello para intentar solucionar este problema. A policía local é un corpo que ten aumentado as súas competencias pero, polo contrario, ten diminuído o seu cadro de persoal e hai 24 anos que non se contrata ningún efectivo.

Hai que sinalar que o parque móbil tense incrementado ao longo destes anos dun xeito importante, así como as competencias de tráfico, administrativas, de vixilancia e custodia,... e seguimos sen cubrir o cadro de persoal adscrito a este departamento. Asemade, a ausencia de auxiliares de policía local, dende 2013, para a época do verán fan inviábel realizar un servizo con garantías.
Dende o BNG temos claro que cando menos debemos garantir o servizo diúrno. Moitas veces as chamadas d@s veciñ@s teñen que ser seleccionadas e nalgúns casos quedan sen cubrir por falta de persoal, ...

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo

O concello poña en marcha na maior brevidade posíbel unha oferta de emprego para completar o cadro de persoal da policía local do concello da Guarda."

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

ABRESE O DEBATE

A sra. Iglesias Ferreira di que vai apoiar a mocion.

O sr. Rodriguez Fariñas considera que hai outros departamentos (como o departamento que está nas rúas) que necesitan persoal máis urxente que a Policía Local.

A sra. Ortega martinez di que van a apoiar a moción.

O sr. Español Otero di que van a apoiar a moción e di que van facer a oferta de emprego público para cubrir as dúas vacantes e algún posto mais de traballadores para a rúa. Pero di que hai un pequeno problema que é que a oferta de emprego publico ten que incorporarse ós orzamentos e para elo teñen que ser aprobados.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción **é aprobada cos VOTOS A FAVOR** dos Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz e Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso Martinez Vazquez, (dezaseis votos a favor), e **CO VOTO EN CONTRA** do Sr. Rodríguez Fariñas (un voto en contra).

- **Moción do BNG con RE nº 6.033: de apoio ás persoas refuxiadas e migrantes en Europa.**

O sr. Lomba Baz da conta da seguinte moción:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa politica intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movimento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistan, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas - fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) exixe da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Aliás, o BNG quer denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Pór fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que estan a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte :

Acordo

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

3.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

4.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

5.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o estabelecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

6.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

7.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza."

ABRESE O DEBATE

A sra. Ortega Martinez considera que na parte expositiva hai unha contradicción porque non sabe como se vai solucionar o problema coa retirada do exército.

O sr. Lomba Alonso di que o BNG cre na solución negociada e pacífica, e que para eles non é contradictoria a moción.

VOTACIÓN

Sometida a votación a moción foi aprobadA por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo Gonzalez, Vicente Baz, Rodríguez Gonzalez, Ortega Martínez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez Baz

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas da Sra. Iglesias Ferreira:

1.- Pregunta se está aprobado o novo Estatuto do Monte Santa Trega. No caso de que fose aprobada quere saber se ten que ir a Pleno
Están aprobados polo padroado e van ao pleno ordinario de novembro

2.- As becas para deportistas, en que situación están?
Lévanse ao pleno de novembro

3.- Que ocurre coas mesas de contratación en relación coa presenza da concelleira non adscrita?
Será convocada

4.- Tramitáronse todos os permisos necesarios para os actos Noites do Castelo?
Creemos que si

5.- Que beneficios lle aporta ó Concello pertencer á Area Metropolitana de Vigo?
Ao noso xuízo moitos

6.- Roga que non volva ocurrir o feito de que non teñan a documentación para levar a cabo o seu traballo como concelleira.
Terémolo en conta e pedímoslle desculpas

7.- Denuncia o estado das beirerrúas da Subida ó Torroso e do Castro.
Se se refire á limpeza, vanse a limpar proximamente

8.- Denuncia o estado dos “toiletcan”.
Procuraremos melloralos

9.- Pide opinión sobre o video que circulou polas redes no que un veciño grabou algunhas dependencias do concello sen persoal.
Lamentable. Vostede non opina o mesmo ?

Rogos e preguntas do Partido Popular

Solicitamos un colector de papel e cartón, un colector azul, diante do Antigo colexio Rodríguez Sinde. Como ben saben nese edificio ademais de ser albergue, hai asociacións de carácter cultural e social, que teñen a sede nel, e por tanto a súa central de operación, Unha de estas asociación é San Vicente Paúl, pola cantidade de caixas de cartón que chegan todas as semanas para repartir alimentos, e que despois hai que tirar o cartón, en varias ocasións puidemos ver como voluntarias teñen que transportalo hasta lonxe para poder votalo nun colector azul. Pensamos

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

que dada a importante labor que realiza esta asociación, se debía ter a deferencia de que un colector de reciclaxe de cartón puidera estar o máis cerca posible da súa sede no antigo colexio Manuel Rodríguez Sinde.
Faremos as xestións necesarias co xestor para a colocación dun colector

Outro rogo é buscar a emprazamento idóneo para pintar una paso a peóns, na nacional 550, na saída cara a San Roque, xa que dende a Farmacia do Coruto, ata o semáforo de San Roque non hai un só paso a peóns. O que implica que moitas veces se cruce sen el, nunha estrada nacional o seu paso por A Guarda, cos conseguintes riscos para os veciños.

O sr. Rodríguez González di que o Concello non ten competencia nesta estrada e que Estradas de Galicia non recomenda instalar pasos de peóns fóra do casco urbano.

Solicitar que o Concello informe por todos os medios posibles, internet, bandos etc... da identificación das avellas asiáticas, e cal é o protocolo a seguir unha vez identificadas xa que a Consellería do Medio Rural e mariño, fixo un protocolo de actuación, presentou datos por Concellos e recomenda chamar o 012, pero os veciños na súa maioría descoñecen esta información . O primeiro que debe estar claro é a quen avisar, e despois como actuar. Nos últimos tempos aparecen niños cada vez Mais frecuentemente, polo cal os veciños atópanse en situación de alerta pero sen saber que facer. Rogamos mais información en todas as parroquias de A Guarda.

O sr. Rodriguez Gonzalez di que se os veciños da Guarda sabe dun niño de abellas asiáticas pode avisar no Concello á Policía Local. En primeiro lugar que chamen ó 012 pero que tamén poden acudir ó Concello.

Rogamos que na praza de Salcidos, se repoñan dous bancos que foron retirados, na parte de arriba, preto da parede superior , xa que unha zona abrigada, e moitas persoas os utilizarían para reunirse na praza, no caso das persoas maiores é unha necesidade, xa que un punto de encontro de onde poden departir cos veciños socializarse etc. E unha petición do Partido Popular, pero que nos chega por parte dos veciños da zona.

O Sr. Español Otero di que se reubicaron.

Tamén rogaríanos o grupo de Concello a dotación de papeleiras, non só no casco urbano da Guarda, senón tamén nas parroquias. Na parroquia de Camposancos xa a nosa vocal, o solicitude mediante escrito na Entidade Local Menor de Camposancos. Nos entendemos que para ter as nosas parroquias limpas, hai que darlles facilidades os veciños mediante unha boa rede de papeleiras, que despois debe o servizo de limpeza do Concello recoller.
Compartimos a súa preocupación. Trataremos de colocar máis papeleiras

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

PREGUNTAS:

Porque non se trouxo xa a ordenanza de cobro de servizos as compañías de Seguro polas actuación do Ges? Se están perdendo cartos cada vez se atrase a ordenanza.

O sr. Español Otero di que esperan que esta ordenanza poida vir xa ó próximo pleno.

Nos gustaría saber o motivo de peche dos baños da Praia do Muiño, xa que moita xente fai o paseo dende o Porto a Praia pola senda litoral, e non hai un baño nin no porto nin en toda a senda, nos gustaría que polo menos na zona de entrada da praia permanezan, e por certo tamén temos que dicir que o estado de algún deles deixa moito que desexar, e non digamos a acumulación de lixo detrás de algún.
A falla de persoal non nos permitiu mantelos abertos fora da tempada de verán precisamente polos motivos aos que vostedes fan referencia.

¿Sería posible cambiar algún colector de papel e cartón de entrada máis grande para a calle Pacífico Rodríguez, hai un, pero dos que teñen a entrada de cartón mais pequena que outros que temos na Guarda, dada que é unha zona comercial, con farmacia, colexios, comercios, bares etc.. que xera moito cartón, pregaríamos que puidese ser substituído por os que teñen a entrada de cartón mais ampla, e facilitarlle a xente que recicle o cartón?
Estudarémolo

A Guarda, con un entorno inigualable, ten moitas rutas, todas elas para aproveitar do noso paisaxe. Nos gustaría coñecer que se fai para o seu mantemento, tanto das rutas como do camiño de Santiago ó paso pola nosa vila? Moitos peregrinos na zona de Camposancos buscan alternativas polo mal estado do camiño.Non vou a entrar en detalles pero os que somos afeccionados a facer as ruta, temos que pasar treitos complicados sen limpar onde as herbas faen case que non se poda percibir por onde vai o camiño. Nos gustaría coñecer si hai un plan de limpeza durante o ano. En canto a o Camiño de Santiago, hai que potencialo pero despois hai que telo en boas condicións cando chegan os peregrinos, xa que non hai mellor promoción que esa. Aproveitando que hoxe se aprobou pola xunta un plan director do Camiño de Santiago con dotación económica para melloralo incluso para negocios relacionados con Camiño, creo que o concello de A Guarda debería estudiar o de adherirse.
Compartimos a súa valoración en canto á A Guarda. Tamén a súa preocupación respecto da limpeza das rutas e especialmente do Camiño de Santiago que como vostedes saben é competencia da Xunta de Galicia. A pesar de ter demandado en varias ocasións a súa limpeza, tivo que ser o concello, coas súas limitacións, quen o limpase en máis de unha ocasión. De calquera xeito somos conscientes de que o seu estado non e o idóneo. Seguiremos insistindo ante a Xunta e faremos un esforzo dende o concello .

¿Sería posible na calle Donantes de Sangue a colocación dunha marquesina, nunha das paradas de autobús escolar, (altura do cruce con travesía Rías) para que non se

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

mollen os rapaces, xa que eles para evitalo cando chove cruzan para resgardarse a un restaurante pechado que se atopa en fronte?.
Estudaremos a posibilidade

Rogos e preguntas do BNG

1- Equipamento do GES, é do GES ou de Protección Civil? Existe unha relación de material diferenciado? Por que non se seguen as liñas de axudas para o GES, tal e como se aprobou no último pleno?

2- Quen nomeou ao actual presidente da agrupación de Voluntarios de Protección Civil? Ten Protección Civil actualizada a súa relación de integrantes? As persoas que ultimamente están actuando cos uniformes de Protección Civil están dados de alta? Están cubertos polo seguro? Quen lles facilitou dito uniforme? Somos coñecedores de que algúns destas persoas foron realizar un curso de formación, quen lles habilitou para realizar dito curso? Quen son as persoas que actuaron nos operativos dos últimos 5 anos de Protección Civil? E do GRUMIR e GES?

Tal como acabamos de escoitar no pleno, queremos unha aclaración sobre a actuación dos membros de Protección Civil e do GES e, anteriormente GRUMIR á vez. Como se distingue a súa actuación?

3- Solicitamos un informe xurídico sobre a legalidade de utilizar partidas destinadas a Protección Civil para outros corpos como GRUMIR, GES, ...

Resposta ás preguntas 1, 2 e 3

Entendemos que na reunión mantida entre o alcalde, concelleiro de emerxencias e concelleira de facenda cos portavoces dos distintos grupos municipais, explicamos cales iban a ser os pasos a seguir para mellorar o funcionamento da AMVVPC. Na mesma reunión tamén contestamos a diversas preguntas que vostedes nos plantexaron. Nestes días recibimos un escrito da Valedora do Pobo no que nos solicita unha serie de documentación pola queixa formulada ante este organismo por D. Jorge Rodriguez Bahamonde relacionada coa AMVVPC de A Guarda. Esta queixa ven a sumarse a denuncia presentada por este mesmo Sr. ante a Fiscalía polo que consideramos prudente agardar a que se resolvan antes seguir falando deste asunto.

4- Rogamos que se faga unha limpeza de sumidoiros e rúas, así como un programa de desratización do concello.

O primeiro estase a levar a cabo nestes días. Con respecto ó segundo estase a aplicar dende hai anos, periodicamente en edificios municipais e con actuacións puntuais alí onde se detecta ou nos comunican a necesidade de actuar.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

5- Cal é a situación das ramplas do Pirún despois de 2 meses da solicitude de arranxo por parte do BNG?

Estase a redactar un proxecto de Restauración da rampla e construción de un miradoiro. Tan pronto como estea o proxecto redactado procuraremos executalo a maior brevidade posible.

6- e as ramplas da Armona?

Pensamos que están arranxadas salvo que nas últimas semanas sufriran algún desperfecto

7- Que procedemento se aplica para a recollida da chatarra, onde se almacena? E o das baterías de vehículos, o cobre e o aluminio? En que lugar se almacenan? A quen se lle vende todo este material? Solicitamos copia dos rexistros da súa recollida, depósito e envío ao xestor autorizado dos últimos 5 anos.

Se recolle no punto limpo e se almacena nun contenedor.
Os residuos son trasladados a través de distintos xestores autorizados polo SIG correspondente.
Os distintos xestores según o convenio que se asinara cos SIG.
As recollidas por parte dos xestores pódese ver no libro de rexistro de saída de residuos do Punto Limpo

8- Tivemos noticias polos medios de comunicación de que vai a haber un "**equipo de expertos culturais**" que van decidir o uso de certas dependencias da Casa dos Alonsos, por quen está formado dito equipo? Baixo que criterios foron escollidos e por quen? Cales van ser os criterios de selección de "afortunados ou afortunadas" e por que?

A Concellaría de Cultura non vai ter equipo de expertos para decidir o uso da sala de exposicións da Casa dos Alonsos, senón que terá un grupo de expertos que aconsellará a concelleira. A decisión en último caso é da Concellería de Cultura. Son persoas con estudos e formación relacionados coa arte. Os criterios para o uso de dita sala de exposicións é a mesma de sempre, ter obra suficiente para cubrir dita sala e un criterio de calidade e importancia para usala,xa que temos unha sala de exposicións adecuada que é a do Centro Cultural.

9- Levamos varios meses sen secretaria no concello da Guarda, esta situación, fora dos motivos que nos leva a ela, está a afectar ao normal funcionamento da entidade. Así quedou patente no desenvolvemento da comisión de asuntos plenarios. Tamén somos conscientes da falta de secretaría en canto o secretario accidental ten que faltar no seu posto de traballo, cos contratempos que iso supón para o funcionamento do concello e a atención cidadá. Que medidas teñen pensado tomar para atallar esta situación?

Temos solicitado na Dirección Xeral da Admon. Local e no colexio de secretarios de Galicia un secretario. De momento ningún candidato se

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es

interesou pola praza. En vista da atraso estamos contemplando outras posibles solucións.

10- Cal foi a planificación para a realización das obras da Praza de Abastos? Como é que se reúnen cos praceiros e praceiras para informar dunhas obras unha semana despois de ter comezado as obras? Cando rematen a parte de abaixo teñen pensado solicitar axudas para a aparte de arriba?

O equipo de goberno reuniuse en diversas ocasións cos praceiros e déronse instruccións á empresa para que en todo momento estiveran informados de calquera incidencia no transcurso das obras. Posiblemente houbera un fallo na comunicación polo cal xa se pediron disculpas aos praceiros nesa reunión a que vostedes aluden. En canto á segunda pregunta, si, sempre e cando volvan a saír as axudas correspondentes

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 01.25 horas do día vinte e cinco de setembro de 2015 da que eu como secretario dou fe.

Praza do Reló, 1 – 36780 A Guarda (Pontevedra). Telf.: 986-61.00.00 – Fax: 986-61.02.83 – Correo Elect.: aguarda@aguarda.es